



ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA 28 DE AGOSTO DO 2025.

Sesión 12/2025-P

<u>SRES/RAS ASISTENTES</u> <u>PRESIDENTE</u> D. Óscar Benito Portela Fernández (SM) <u>CONCELLEIROS</u> Grupo Sadamaioría (SM) D^a Rebeca Mouriño Neira D. Marcos Villar López D^a María Pilar Taibo Fernández D. Xosé Fernando Fariña Andrade D^a Patricia Martínez Abruñedo D. Ricardo Berrocal Fariña Grupo Unidos por Sada (UPSA) D^a María Nogareda Marzoa D^a María Soraya Salorio Porral D. Sergio García López D. Breogán Blanco González Grupo Partido Popular de Sada (PP) D^a Esperanza María Arias Ferreiro D^a María Isabel Val Armesto D. Aurelio Lonja Tajés (Lito) Grupo Mixto (GM) D^a Almudena Pena Álvarez («PSOE», independente) D. Emilio Graña Mosquera («BNG») Non adscrito (NA) D. Fernando España López (Chano) <u>INTERVENTORA ACCTAL.</u> D^a María Elisa Gómez Ferreiro <u>SECRETARIA</u> D^a María del Carmen Seoane Bouzas	No Salón dos Plenos da Casa do Concello, sendo as 20.00 horas do día xoves 28 de agosto do 2025, baixo a presidencia do sr. alcalde D. Óscar Benito Portela Fernández, asistido pola secretaria da Corporación D^a María del Carmen Seoane Bouzas, quen dá fe do acto, reúnen os sres. concelleiros relacionados, membros todos da Corporación, co obxecto de realizar nunha primeira convocatoria a sesión ordinaria do Pleno prevista para o día de hoxe, de acordo coa seguinte
--	---

ORDE DO DÍA:

Abre a sesión o Presidente, dando a benvida a todos e a todas a este Pleno ordinario do mes de agosto do 2025 do Concello de Sada.

1º.- APROBACIÓN DAS ACTAS (sesión núm. 11/2025).

Pola Presidencia pregúntaselles aos membros da Corporación se teñen que formular algunha observación á acta da sesión núm. 11/2025, extraordinaria e urxente do 19 de agosto, posta a disposición dos membros da Corporación.



Non habendo intervencións, queda aprobada a dita acta, ordenando a súa transcripción ao Libro de Actas segundo o disposto polo artigo 110.2 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais.

2º.- FESTAS LOCAIS 2026: MARTES DE ENTROIDO E 18 DE AGOSTO.

A secretaria dá lectura o ditame favorable da Comisión Informativa Xeral na súa sesión ordinaria do 21 de agosto do 2025, que recolle:

«Único.- *Propoñer para incluír no calendario laboral do ano 2026 como as datas de festa local de carácter retribuído e non recuperable para o termo municipal de Sada as seguintes:*

Martes 17 de febreiro (martes de Entroido), e

Martes 18 de agosto».

Interveñen o sr. Villar López (SM), concelleiro delegado da área de Cultura e Normalización Lingüística, facendo unha exposición e xustificación da proposta; o sr. España López (NA), quen explica a súa desconformidade coa proposta do martes 18 de agosto, indica que el propuxera o día 17 de agosto, luns, ou alternativamente o venres da semana das festas do Carme e anuncia que non ha votar a favor; o sr. Graña Mosquera (GM-BNG); a sra. Pena Álvarez (GM-PSOE); a sra. Arias Ferreiro (PP), quen ademais de dicir que este 18 de agosto foi a preferencia amosada pola asociación de empresarios facendo referencia a un marco identitario que di que hai que protexer indica por outro lado que foi declarado unha festa de interese turístico de Galicia, o evento gastronómico máis antigo de toda Galicia, que comezou no ano 1959.

A continuación procédese a votar o asunto, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 16 (7 SM, 4 UPSA, 3 PP e 2 GM).
- Votos en contra: Non se emiten.
- Abstencións: 1 NA.

Resultando aprobado por maioría absoluta o seguinte **ACORDO**:

Único.- *Propoñer para incluír no calendario laboral do ano 2026 como as datas de festa local de carácter retribuído e non recuperable para o termo municipal de Sada as seguintes:*

Martes 17 de febreiro (martes de Entroido), e

Martes 18 de agosto.

3º.- APROBACIÓN DO PROXECTO EMENDADO INCLUÍDO NO POS+2025 DENOMINADO REPARACIÓN PISTAS DEPORTIVAS CEIP PEDRO BARRIÉ DE LA MAZA.

A secretaria dá lectura o ditame favorable da Comisión Informativa Xeral na súa sesión ordinaria do 21 de agosto do 2025, que recolle:

«Único.- *Aprobar o proxecto técnico corrixido denominado Reparación pistas deportivas (CEIP Pedro Barrié de la Maza), redactado polo enxeñeiro industrial D. Luis Monzón Gómez, co núm. de Colexiado 1680, de Tetraín Ingeniería SLP, asinado o 2025-06-12, emendando deficiencias na súa documentación (marcas comerciais, prezos descompostos, etc.), cun orzamento de 146.375,24 €».*

Interveñen a sra. Mouriño Neira (SM), concelleira delegada da área de Deporte, Educación e Xuventude, facendo unha exposición e xustificación da proposta; o sr. España López (NA); o sr. Graña Mosquera (GM-BNG), quen aproveita para preguntar como está o do módulo deportivo do colexio de Mondego, e a sra. Pena Álvarez (GM-PSOE), quen pregunta logo de ver o informe do arquitecto quen ha revisar as execucións das obras, ao que lle contesta o presidente, sr. Portela Fernández (SM), que haberá que contratar un director de obra; a sra. Arias Ferreiro (PP), quen expón literalmente o seguinte:



«Bueno, respecto a esto, con el histórico que tenemos en obras, y sobre todo del POS, cada vez que decimos POS y obra temblamos todos porque las garantías de que se acaben o se ejecuten correctamente pues, la verdad, hay pocas, con lo cual aquí habría un ruego ya para decir (que) por favor que haya un control de estas obras, que se mire que haya una memoria de calidades, que se vea realmente como hacen las cosas y no sea un recuerdo de Sanjurjo Badía o de Párroco Villanueva o de avenida de Sada y sus Contornos u otras cosas que, bueno, son mucho más amplias, desde luego, pero que también precisan que haya un control.

Lo ideal sería, desde luego, que todo partiera pues de los técnicos municipales, pero como ya vamos a ver y vemos también en este informe que ha hecho el arquitecto municipal y esa coletilla que, además, repite en todos los informes que hace pidiendo que sean las personas indicadas las que hagan los informes y las que hagan la revisión de los proyectos y demás y que no sean al final pues los técnicos municipales los que tengan que arreglar los desarreglos que se hacen fuera de aquí.

Visto esto también comentar que ojalá, ojalá se hagan ya, porque yo recuerdo que esto vino ya en setiembre de 2023, con aquella carta a los Reyes Magos de casi tres millones, una modificación de tres millones con base en ese reglamento tan chulo que tenemos, y resulta que yo me puse además a mirar de dónde venía aquello y fíjense que era Reforma de la Jefatura de Policía, Aparcadero público del pabellón, Cámaras de control de tráfico, Proxecto de humanización de Riovao, Mantementos viarios, bueno, podría seguir, Camión de saneamiento, Reparación capela de san Roque, bueno, y en medio de todo esto venían las pistas, entonces, bueno, a ver si tenemos suerte, nosotros desde luego vamos a apoyar porque es algo que apoya como muy bien ha dicho la concejala el Consejo Escolar, que está bien que se haga, no como cuando fue el caso del módulo de Mondego, que sabemos que al final fueron los últimos en opinar, y desde ahí ya no supimos nada más. Con lo cual, ojalá, apoyaremos que se hagan, pero que se hagan bien. Gracias».

Intervén por último a sra. Nogareda Marzoa (UPSA), quen incide tamén na apostila de advertencia do arquitecto municipal en varios dos proxectos no senso de que en definitiva é necesario que os directores ou directoras de obras externos estean supervisados por alguén municipal así como que a xente que non ten competencias técnicas se deixen de dirixir obras, que esperan e agardan que así sexa.

A continuación procédese a votar o asunto, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 17 (7 SM, 4 UPSA, 3 PP, 2 GM e 1 NA).
- Votos en contra: Non se emiten.
- Abstencións: Non se producen.

Resultando aprobado por unanimidade o seguinte **ACORDO**:

Único.- Aprobar o proxecto técnico corrixido denominado Reparación pistas deportivas (CEIP Pedro Barrié de la Maza), redactado polo enxeñeiro industrial D. Luis Monzón Gómez, co núm. de colexiado 1680, de Tetraín Ingeniería SLP, asinado o 2025-06-12, emendando deficiencias na súa documentación (marcas comerciais, prezos descompostos, etc.), cun orzamento de 146.375,24 €.

4º.- CONTROL DA ACTIVIDADE DOS RESTANTES ÓRGANOS DA CORPORACIÓN.

A. Decretos e resolucións da Alcaldía ditados dende o 28 de xullo ata o 22 de agosto do 2025 (núms. 1431-1597).

Para os efectos previstos no Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais, dáse conta ao Pleno da Corporación das Resolucións e dos Decretos ditados pola Alcaldía dende o día 28 de xullo (núm. 1431, do expediente 2025/G003/001429) ata o 22 de agosto do 2025 (núm. 1597, do expediente 2025/G003/001585).

B. Mocións.

1ª.- Moción para a actualización da relación de postos de traballo do concello de Sada.

O sr. Graña Mosquera (GM-BNG) xustifica a urxencia da moción, para a actualización da relación de postos de traballo do concello de Sada.

Deseguido procédese á votación da urxencia, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 17 (7 SM, 4 UPSA, 3 PP, 2 GM e 1 NA).
- Votos en contra: Non se emiten.
- Abstencións: Non se producen.



Resultando aprobada por unanimidade a urxencia da devandita moción.

A continuación, o sr. Graña dá lectura á moción, cuxo texto reproducése a continuación literalmente:

«EMILIO GRAÑA MOSQUERA concelleiro do Bloque Nacionalista Galego (BNG) no Concello de Sada, ao abeiro dos art. 91 e seguintes do RD 2568/1986 e do art. 64 ROM vixente, presenta a seguinte

MOCIÓN PARA A ACTUALIZACIÓN DA RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO DO CONCELLO DE SADA

para o seu debate e aprobación, se procede, polo Pleno da corporación

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

A importancia de ter unha relación de postos de traballo actualizada é obxectivamente primordial, pois ademais de condicionar a aprobación dos presupostos é unha cuestión que afecta directamente á calidade dos servizos públicos que todas e todos recibimos.

Sada é un concello en constante crecemento demográfico nas últimas décadas, polo que tamén deben medrar na mesma proporción a atención nos servizos que presta. Pasamos de 12.453 habitantes no ano 2004 a 17.140 na actualidade (Datos do IGE) e sen embargo, continuamos coa mesma organización dos postos e das funcións que hai 20 anos.

A estrutura da administración local debe adaptarse a este incremento poboacional e ofrecer servizos de calidade diante dunha crecente demanda cunha poboación en aumento e que parece que vai continuar.

Debemos axustar pois a RPT dimensionando convenientemente os postos e funcións ás necesidades actuais da nosa sociedade.

Pola información recibida sabemos que o Concello contratou no ano 2020 a asistencia a unha empresa externa para a elaboración dunha nova RPT e que no ano 2022 levouse unha proposta á mesa de negociación sindical.

Desde aquela, o BNG non ten noticias de ningún avance. Sabemos que a representación sindical reclamou información en numerosas ocasións sen obter resultados positivos.

Pasaron pois máis de dous anos con ausencia absoluta de transparencia neste proceso.

É necesario retomar o diálogo entre as partes e avanzar, con participación real na negociación, co fin de conseguir canto antes actualizar unha Relación de Postos de Traballo do Concello de Sada adaptada á situación actual, porque suporía:

1- Minimizar o malestar e descontento das traballadoras e traballadores, que se queixan de condicións laborais insuficientemente remuneradas, incluso con agravios comparativos no desempeño de postos de traballo de similar responsabilidade dentro da propia administración local, o que xa deu lugar a contenciosos legais contra o Concello con sentenzas favorables aos traballadores e coas seguintes implicacións económicas.

É urxente negociar coas traballadoras e traballadores unha valoración actualizada de funcións, de responsabilidades e de complementos, para dotarnos dunha RPT que aporte igualdade e xustiza no entorno laboral e tamén para que mellore a organización do traballo en beneficio do interese público, no convencemento de que a mellora do benestar laboral, será tamén un incentivo á produtividade.

2.-Dimensionar correctamente as necesidades de persoal, as súas funcións e responsabilidades e distribuílo convenientemente para dar resposta eficaz ás demandas co fin de ofrecer un mellor servizo á veciñanza, con transparencia e efectividade.

Por todo o exposto, o concelleiro do Bloque Nacionalista Galego somete a debate e aprobación polo Pleno deste Concello esta moción, propondo a adopción do seguinte

ACORDO:

1. O Pleno da Corporación pronúnciase a favor de iniciar o expediente de actualización da RPT de maneira urxente, retomando as reunións da mesa de Negociación entre a Administración Local e os representantes sindicais de traballadoras e traballadores, con fin de acadar un acordo sobre a actualización da RPT que poida ser incluído nos Orzamentos do ano 2026.

2. Que o borrador da actualización da RPT sexa dado a coñecer a este Pleno da Corporación á maior brevidade para a súa aprobación, se procede.

3. Facultar ao Alcalde Presidente para a efectiva execución destes acordos».

Seguidamente, a secretaria fai unhas advertencias, indicando que en canto o punto primeiro xa está iniciado o expediente, polo que é improcedente iso; e que en canto o punto terceiro hai que eliminalo porque a distribución de competencias xa está na Lei:

«SECRETARIA: Quiero hacer unos matices, advertencias, que es que en el punto primero ya está iniciado el expediente, entonces no procede eso; y el punto tercero tampoco, hay que eliminarlo porque al alcalde, la distribución de competencias ya está en la Ley.

SR. GRAÑA: De todos xeitos creo que hai unha emenda de Sadamaioría que vai nesa..., non?

SECRETARIA: No la conozco.

SR. GRAÑA: Si, 'bueno', ma pasaron antes. Bueno, gracias, sra. secretaria».



Intervén o sr. Villar López (voceiro do grupo municipal SM), quen di que en efecto hai unha emenda na que obviamente haberá que anular o punto 3 coas consideracións que di que fixo a secretaria e que obviamente aceptan, que a variación vai precisamente nese sentido e que a pasa a ler textualmente anunciando que despois achegará copia os diferentes grupos:

«SR. VILLAR: O punto de acordo número 1 di exactamente así: ‘O Pleno da Corporación pronúnciase a favor de continuar co expediente de actualización da RPT de maneira urxente; a tal efecto a responsable do contrato, e dentro das súas atribucións e responsabilidades legais, debe instar da concesionaria a entrega e posta a disposición da proposta de actualización da RPT para deseguido retomar as reunións da Mesa de Negociación entre a Administración Local e a representación legal do seu persoal co fin de acadar acordos sobre a actualización da RPT que poidan ser incluídos nos orzamentos do ano 2026’. O punto segundo é exactamente igual e o punto 3 queda anulado. Fago agora entrega os diferentes grupos».

Interveñen o sr. España López (NA), criticando o sr. Graña por ter presentado isto precisamente el e máis aínda como moción; a sra. Pena Álvarez (GM-PSOE), quen di que de feito o normal sería que se actualizase anualmente; a sra. Arias Ferreiro (PP), quen di que cre que a todos chama a atención que se poidan levar tantos anos sen actualizar a RPT e que isto dificulta todo o labor en xeral, que a RPT debe servir tamén para motivar e que o que non pode ser é que se incumpran dereitos (dos empregados municipais) polo que hai que intentar axilizar isto como sexa. E dille o sr. Graña que lle gustaría que lle explicase quen é a responsable á que se lle está a instar, que entende que se refire á secretaria:

«SRA. ARIAS: Lo que no acabo de entender, o sí lo entiendo pero me gustaría que me lo explicara, cuando habla de responsable, dice aquí exactamente ‘(...) a responsable do contrato, e dentro das súas atribucións e responsabilidades legais, debe instar da concesionaria a entrega e posta a disposición da proposta (...)’. Quién es la responsable de esto, quién es a la que se le está instando a que le diga a la empresa que dé, porque yo estoy entendiendo, estamos entendiendo que se refiere supongo que a la secretaria en este caso.

SR. GRAÑA: Claro, por alusións, é parte da emenda, eu a emenda ma pasaron xusto antes de empezar o Pleno e toda a resposta a ten que respostar o emendante, porque non sei como é, a que se refire.

SECRETARIA: Sí, eso por supuesto no procede porque, sí, la responsable del contrato soy yo pero no procede porque las funciones de la responsable del contrato ya están en el expediente y aparte se está como constriñendo el procedimiento que entre otras cosas en estos momentos está paralizado por una propuesta de modificación puntual que hizo el alcalde, por tanto es inviable, o una cosa u otra, entre otros matices, pero eso no se puede contemplar, las funciones ya están establecidas, las del responsable del contrato, y los plazos pues bueno, pues serán cuando el documento esté preparado pero para el Orzamento 2026, que ya debería estar encima de la mesa, pues va a ser que no va a dar tiempo.

SRA. ARIAS: Perdón, me refería justo por eso, quiero decir, si ahora mismo, que quede claro, porque a veces lleva a confusiones, ¿no?, el hecho de que es, porque da la sensación de que no apremia a la empresa a que siga con el proceso, y lo que usted acaba de decir si no lo interpreto mal es que se ha pedido una modificación, se está pendiente de esa modificación, además pedida por el alcalde.

SECRETARIA: Sí, a ver, la función del responsable del contrato es estar entre, así a simple modo, preparando el documento para que cuando entre en la Administración pues sea acorde con las necesidades encargadas, ¿no?, pero ha habido muchas vicisitudes en este expediente y muchas cosas que ha habido que hacer antes y que ha ralentizado, circunstancias externas, como ha sido una ejecución de sentencia, ha sido una estabilización y uno de los últimos puntos digamos de atasque fue el famoso 2% que establece la Ley de Presupuestos que aún fue hasta mayo cuando el interventor expuso claramente las posibilidades que había, que es que no se puede, en estos momentos también se estuvo esperando porque se decía que en este año se iban a sacar esas medidas limitativas de la Ley de Presupuestos Generales del Estado pero no ha sido así por ahora, y entonces el tope que hay es un 2%».

A continuación intervéñen longamente a sra. Nogareda Marzoa (UPSA), quen logo de facer referencia aos motivos alleos, externos con relación a isto aos que se referira a secretaria retrotráese a cando comezou todo, co tema da execución de sentenza e co tema da estabilización, facendo unha exposición de como se desenvolveron as cousas dende onde di que cre que era o verán do 2021 (daquela formaba parte do goberno presidido tamén polo sr. Portela), onde se falou de como xestionar todo isto, en principio na procura da saída menos lesiva para os empregados municipais, mais desvela que logo de se ter acordado algo nunha reunión de goberno a sra. Taibo daba instrucións á persoa que levaba directamente o tema de persoal para que do que lle dixeran quitase cousas, polo que lle parece sorprendente que agora se apele á responsabilidade e o traballo, atribucións da responsable do contrato, cando a responsable do contrato nin contaba nin os concelleiros e concelleiras que estaban alí contaban para eses cambios que saían e xurdían así.

Continúa a sra. Nogareda, dicindo (con sarcasmo) que “cando entrou este goberno tránsfuga” (refírese ao



gobierno saído da moción de censura que prosperou o 18 de novembro do 2022 pola que foi nomeada alcaldesa e que botou sete meses gobernando) atopou esta situación, retomou o tema e descubriu no expediente correos que a sra. Taibo mandaba á propia empresa encargada de elaborar a RPT con observacións puntuais sobre subidas e baixadas retributivas a determinados postos de traballo, con criterio político e non técnico e á marxe da responsable do contrato, quen descoñecía da existencia destes correos. Refírese tamén a que había unha discrepancia precisamente entre intervención e secretaría o respecto da suba que tiñan que ter a actualización dos postos de traballo, onde o interventor consideraba que non se podía xustificar un aumento xeneralizado porque estivesen desfasados os soldos e con todo a secretaria discrepaba; que semella polo que se dixo que en maio entende que deste ano foi que se resolveu esta situación. E que así estamos, que esa é a situación e que lles gustaría saber como está ese expediente que di (con sarcasmo) que non sabe por que motivo sempre semella que se atasca en secretaría, o que lles chama a atención, e que isto novamente o trae hoxe de maneira máis sutil o sr. Villar (a quen se dirixe), que o outro día (estase a referir á sesión da CIX) di que o manifestou dunha maneira agresiva, verbal e xestual, cunhas actitudes bastante pouco desexables e que hoxe o trae de maneira sutil.

Prosegue a sra. Nogareda, dicindo que non saben se o sr. Graña acepta a emenda, coa que o seu grupo non está de acordo, mais que con que se continúe co expediente non terían ningún problema sempre e cando vaia dentro das circunstancias normais e se avalíe todo o que se teña que avaliar, mais que tampouco lles deixa de sorprendere que no medio de todo isto haxa unha proposta de modificación puntual que lles gustaría que se lles aclarase por que se propón esta modificación puntual.

Intervén o presidente, sr. Portela Fernández (SM):

«SR. PORTELA: Bueno, pois vou empezar polo final. Propúxose unha proposta de modificación puntual o máis ampla posible, é unha providencia non unha proposta, que eu non valorei nada nin fixen a valoración de ningún posto nin nada, porque evidentemente había un problema importante co tempo que levamos coas valoracións da RPT global, e hai outro problema importante que foi o que explicou antes a sra. secretaria que son os límites que 'plantexa' a Lei de orzamentos xerais do Estado; daquela unha forma de poder aprobar unha oferta de emprego público o antes posible con creación de novas prazas necesitabamos unha modificación puntual de creación de novas prazas e de actualización duns postos ou valoración dalgúns postos que estaban inxustamente valorados, que xa digo eran varios bastante notables e algúns problemas que se puxeron moitas veces aquí de manifesto.

E teño que aclarar unha cousa porque a veces é moi sorprendente que se atribúan e se fale de conversacións ou de intercambios de pareceres en reunións ou feitos que se facía a concelleira, falaba co de persoal, que dicía non sei que e se fale moi pouco realmente de quen asina e de quen informa. E na execución de sentenza, sra. Nogareda, a que informou foi a sra. secretaria e quen executou a sentenza fun eu, fun eu, en todo, asinei todo, na execución de sentenza todo, asineino eu, os aprobados de boa fe propúxeno eu e asineino eu e informou a sra. secretaria, evidentemente, e dixo que non procedía, incluso eu deixaba catro prazas se mal non me lembro fóra da execución, catro ou cinco, non recordo, había catro que entendía que non era de aplicación a doutrina da boa fe e a sra. secretaria buscou unha vía legal para darlles solución a esas cinco prazas. Esa é a realidade, está aí asinado no expediente, pódeno comprobar calquera da cidadanía.

E por outra parte, cando chegou o momento de emitir informes, que a sra. Nogareda en sete meses non quixo asinar, eu collín e asinei, porque era a miña responsabilidade e así iba na execución de sentenza como había que facelo, eu cheguei e asinei, cumprín o meu compromiso para ser o menos lesivo tanto para os traballadores e traballadoras municipais como para o concello de Sada, e os feitos están aí e aí me remito e pode todo o mundo comprobalo, e quen estaba asinando no momento, é certo que estiven moito máis tempo, tiven máis oportunidades de facelo, si, pero tamén vostede tivo oportunidades de asinar cousas e non asinou e cheguei eu tívenas que asinar eu».

A sra. Nogareda preguntalle o presidente se está a dicir que na execución de sentenza estaban os informes e que ela non os asinou e o presidente indica que había catro informes de servizos prestados que asinou el e ela non, que está seguro, e a sra. Nogareda dille que non o estea tanto.

Continúa o sr. Portela:

«SR. PORTELA: O decreto de execución de sentenza asineino eu non me acordo se en maio ou xuño do 2022, xa digo, con todos os informes da secretaria, e a proposta de modificación puntual, xa digo, era tanto polo atraso que estabamos levando polas dificultades que había coa RPT global e por outra parte para intentar incrementar a masa salarial para vencer ou intentar salvar o impedimento, o escollo, da Lei de orzamentos xerais do Estado que limita o incremento da contía, porque inicialmente é o 2% pero en función de como vaia a economía pode ser do 2,5 porque hai un 0,5 que é variable e evidentemente si que é un límite o suficientemente baixo como para limitar unha RPT que sexa o documento máis viable.



Edificio municipal de uso administrativo
Avda. da Mariña, 25 (Sada)
15160 Sada (A Coruña)
Tfno.: 981 62 00 75
Fax: 981 62 12 74
<https://sede.sada.gal>

CONCELLO DE SADA

exp. 2025/G010/000012

Pero noutro caso xa digo está moi ben falar de todo o que se comentaba e de todo o que se dicía en certas reunións de goberno pero á hora da verdade, á hora da verdade o que asinaba, o que asinaba era o alcalde e eu asinei creo unha execución de sentenxa o menos lesiva posible para os traballadores de Sada e para o concello en definitiva.

Por outra parte, creo que o que se está falando aquí, aínda que haxa unha modificación puntual, non quita que vaíamos avanzando na documentación da RPT global, porque ao mellor nesa modificación puntual tamén estamos tendo algunhas valoracións que non están acaídas nin son adaptadas á Lei. Creo que xente que ten os coñecementos necesarios como a empresa contratada responsable do contrato pois poden realmente aportar unhas valoracións o suficientemente acaídas dos diferentes postos así como das funcións que están realizando na actualidade, non no 2006 que foi cando se aprobou a maior parte da RPT. Eu só digo iso, e volvo repetir, está moi ben falar de conversas pero os decretos están aí, están publicados, sra. Nogareda, están publicados».

Intervén o sr. Graña:

«SR. GRAÑA: Gracias a todos e a todas. Vou dicir ‘obviedades’: hai un atasco. É patente o atasco. Eu, a min persoalmente, como cidadán, como veciño de Sada, e supoño que a moitos dos traballadores e traballadoras ou á veciñanza para ter un mellor servizo quen é culpable do atasco ata case me parece para min secundario. Agora o que me interesa é desatascar isto, e penso como cidadán, eh? Ou nos podemos tirar os trastos (...), a min a estas alturas dáme igual, o que creo é que estamos nunha posición na cal é a nosa responsabilidade sacar isto; non é unha viaxe a Marte, ou sexa, non sei por que non o podemos ter antes do 2026, non teño nin idea, non o sei, pero eu creo que unha das prioridades deste concello e sacar a RPT, senón é a primeira prioridade, porque se os traballadores non están contentos, e as traballadoras, se non temos, se non están sendo tratados de maneira equitativa e se temos un servizo que non está adecuado á cidadanía no vamos a ningures, funcionamos mal, entón eu creo que é unha das prioridades deste concello.

A competencia da RPT se non me equivoco é do Pleno, entón eu creo que este pleno ten que ser responsable e sacar unha moción, desatascar esta historia dalgunha maneira, creo que é a nosa responsabilidade, en serio. Entón creo que a emenda de Sadamaioría o espírito da moción a pode asumir e creo que é importante dar un golpe na mesa neste sentido. A min dáme igual se a concelleira non sei que dixo non sei canto. Eu quero que isto hai que desatascalo. Se nos vamos a retrotraer ao 2022 ou ao goberno de non sei quen ou estaba non sei quen de alcaldesa ou de alcalde, ‘bueno’, podemos seguir así ata o 2028 se queredes.

Vale, entón acepto a emenda de Sadamaioría, si, e por favor lles pido a todos os concelleiros e concelleiras, creo que é obxectivamente certo, creo que a RPT é urxente, é unha necesidade e que debíamos así sentenciarlo con esta moción. É o que lles pido. Grazas».

O presidente, sr. Portela Fernández, comenta algo que di que lle quedou por dicir antes e que cre que é importante e xusto recoñecelo, que é que a proposta na parte da exposición da emenda fala da produtividade, porque di que a señora secretaria propón levar xunto coa modificación da RPT, ou RPT global, levar tamén unha produtividade e unha avaliación do desempeño da carreira profesional, que ela entende que sería moito máis xusto e por outra parte esas dúas partidas non estarían limitadas polos Orzamentos xerais do Estado.

Na quenda de réplica, intervén en primeiro lugar o sr. España, quen fai referencia á convivencia que el ve entre a presentación desta moción e o alcalde para ‘soltar o seu *speech* (discurso)’, así como ao tempo que leva Sadamaioría gobernando, dicíndolle ao presidente que leva case que dez anos como alcalde, que no ano 2020 contrataron a unha empresa para facer un estudio e demais, que vale que cinco anos, e que seguramente o sr. Portela cando chegou ao goberno municipal xa era coñecedor das carencias en persoal polo que lle parece indignante, di, que monte agora unha pantomima cunha moción do BNG, dicindo que se fai cando realmente as cousas nunca se rematan, e conclúe o sr. España dicindo que tanto na empresa privada como na empresa pública hai dous piares fundamentais, o primeiro é o persoal e o segundo son os recursos económicos e que o goberno do sr. Portela non soubo xestionar nin os recursos económicos nin moito menos o persoal.

A continuación intervén a sra. Arias, quen se pregunta se realmente esta moción ha servir para arranxar algo, porque entende que todos están de acordo en que se solucione isto, que saia a RPT e se arranxe todo o problema co persoal e tampouco entende que a emenda aporte nada a maiores, no senso de reclamar á empresa pola responsable do contrato.

Intervén a secretaria para advertir que o que propoñen é de contido imposible, como dixoarte de que está plantexada polo alcalde unha modificación puntual, que en canto se presente a RPT deixa de ser puntual.

Prosigue a sra. Arias, preguntando se hai algunha maneira de axilizar isto.

A secretaria insiste en que o problema é a contía económica que na Lei de orzamentos xerais do Estado non permite subir do 2% e que compete poñer enriba da mesa ao órgano competente, tanto polo interventor como



por ela, un documento con todas as garantías que poda ser informado favorablemente, de forma que si se pretende forzar un documento que non vai levar todas as garantías estase a perder o tempo. Polo que se lle propuxo ao alcalde levar de forma parella, e poder acadar as subas que prometeron, a carreira profesional e avaliación do desempeño, pero diso non hai nada feito.

A sra. Arias puntualiza que iso é o preocupante, que se prometen subidas que non se han poder facer e que non só é secretaria senón que o interventor tamén di que isto non.

A secretaria prosegue dicindo que si, que había concellos que o fixeran de forma gradual, en forma de aprazamento, pero as derradeiras manifestacións do interventor foron que non se podía. A proposta da carreira e avaliación do desempeño, por outra banda é obrigatoria e o Concello non a está ofrecendo.

A sra. Arias pregunta entón por que non se trae iso realmente.

A secretaria responde que é un documento que hai que elaborar e previamente débese decidir canto se vai poder ou querer destinar de porcentaxe, e ten que saír dos recursos municipais.

A sra. Arias pregunta se iso se ten comentado cos sindicatos, levado á Mesa de Negociación, indicándoselle que non, e conclúe a súa intervención dicindo que o seu grupo está de acordo en propoñer que se continúe co necesario e traia tamén esa proposta que lle parece moi interesante para os empregados mais que entenden que a emenda sobra, polo que votarían a favor de que se continuase pero sen a emenda.

Intervén a continuación a sra. Nogareda, cunha exposición extensa sobre os suxeitos, as accións e os dous tempos totalmente diferentes a que fai referencia en relación coa sentenza e os aprobados de boa fe, sobre cousas que asinou o alcalde que di que se están a tirar xudicialmente e que o que traen son problemas para o concello, ou mesmo modificacións que tivo efectuado o alcalde en documentos bastante relevantes sobre os iniciais que foran informados; concluíndo a súa exposición dicindo que sempre se atopan con obstáculos no medio, obstáculos que di que entran dentro do político. Di que o seu grupo concorda co que di a sra. Arias, que no acordo inicial pódese aludir a continuar en lugar de iniciar, quitar o apartado 3, que non consideran relevante a emenda de Sadamaioría e que lles parece axeitada a proposta da secretaria da carreira profesional e de avaliación do desempeño, pero que entenden que para iso ten que haber un estudo económico do que se vai destinar, que non existe, pero que entende que sería interesante incluílo aquí, sobre todo porque é obrigatorio.

Por último, prodúcense diversas intervencións para facer aclaracións de tempos, de feitos e tamén técnicas e sobre todo para tratar de chegar a decidir un texto de proposta que satisfaga a todos, que antes de votar pasa a ler o sr. Graña:

«1. O Pleno da Corporación pronúnciase a favor de continuar o expediente de actualización da RPT de maneira urxente, retomando as reunións da mesa de Negociación entre a Administración Local e os representantes sindicais de traballadoras e traballadores, con fin de acadar un acordo sobre a actualización da RPT que poida ser incluído nos Orzamentos do ano 2026.

2. Que o borrador coa proposta de actualización da RPT sexa dado a coñecer a este Pleno da Corporación á maior brevidade para a súa aprobación, se procede».

A continuación, procédese á votación, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 17 (7 SM, 4 UPSA, 4 PP e 2 GM).
- Votos en contra: Non se emiten.
- Abstencións: Non se producen.

Resultando aprobado por unanimidade o seguinte **ACORDO**:

1. O Pleno da Corporación pronúnciase a favor de continuar o expediente de actualización da RPT de maneira urxente, retomando as reunións da mesa de Negociación entre a Administración Local e os representantes



sindicais de traballadoras e traballadores, con fin de acadar un acordo sobre a actualización da RPT que poida ser incluído nos Orzamentos do ano 2026.

2. Que o borrador coa proposta de actualización da RPT sexa dado a coñecer a este Pleno da Corporación á maior brevidade para a súa aprobación, se procede.

2ª.- Moción para a axilización da aprobación das bases das bolsas comedor dirixidas aos usuarios e usuarias do CEIP Pedro Barrié de la Maza.

A sra. Nogareda Marzoa (UPSA) xustifica a urxencia da moción, para a aprobación das bases das bolsas comedor dirixidas aos usuarios e usuarias do CEIP Pedro Barrié de la Maza.

Deseguido procédese á votación da urxencia, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 17 (7 SM, 4 UPSA, 3 PP, 2 GM e 1 NA).
- Votos en contra: Non se emiten.
- Abstencións: Non se producen.

Resultando aprobada por unanimidade a urxencia da devandita moción.

Deseguido reproducése o texto da moción literalmente, e que pasa a expoñer a sra. Nogareda:

«Dona María Nogareda Marzoa, Portavoz do grupo municipal UPSA no Concello de Sada, en nome e representación do mesmo, en base ao disposto no art. 64.1 do ROM, en tempo e prazo oportunos para so seu debate e aprobación se procede polo pleno desta corporación, presenta a seguinte:

MOCIÓN PARA A AXILIZACIÓN DA APROBACIÓN DAS BASES DAS BOLSAS COMEDOR DIRIXIDAS AOS USUARIOS E USUARIAS DO CEIP PEDRO BARRIÉ DE LA MAZA

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No pasado mes de xaneiro de 2025, o Pleno da corporación aprobou a posta en marcha dun programa de bolsas comedor destinado ao alumnado que asistía ao comedor do CEIP Pedro Barrié de la Maza. Esta iniciativa responde a unha demanda social xustificada, co obxectivo de favorecer a igualdade de oportunidades, a conciliación da vida familiar e laboral e o acceso a unha alimentación saudable por parte do alumnado do centro e establecer un baremo que teña en conta a RENDA familiar.

Mais a pesar terse aprobado esta iniciativa hai xa máis de seis meses, non foi ata case dous meses despois cando se iniciou o expediente correspondente, e a día de hoxe aínda non contamos cunhas bases aprobadas polo pleno que regulen a concesión destas bolsas.

Tendo en conta que o curso escolar 2025/2026 está a piques de comezar, e que cada semana de demora supón unha dificultade engadida para moitas familias, resulta urxente e necesario dar os pasos necesarios para que o expediente poida volver a pleno canto antes e coa maior axilidade administrativa posible.

Por todo isto, o grupo municipal de UPSA propón ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte ACORDO:

1. Incluír no expediente de bolsas comedor ditas bases para que sexan tidos en conta os cambios e/ou modificacións propostos:

**AXUDAS DE CONCESIÓN DIRECTA - BOLSA COMEDOR
CURSO 2025/2026**

AZUL: texto que se propón suprimir

ROSADO: texto que se propón incluír como modificación

VERDE: texto que indica unha nova proposta.

1.- OBXECTO



1.1.- O obxecto desta convocatoria é regular a concesión de axudas económicas para o pago do servizo de comedor escolar xestionado por ANPAS, na modalidade presencial de luns a venres e durante o período lectivo do curso escolar 2025/2026, para o alumnado empadroado escolarizado no Concello de Sada. Ten orixe a presente liña de subvención na suprimida subvención directa que se concedía ao ANPA de Mondego para o servizo de comedor, polo que para o resto de centros escolares, incluída a gardería municipal procederase ao estudo e creación, no seu caso da liña correspondente de subvencións para que os alumnos das distintas ensinanzas sostidas con fondos públicos e comedores escolares de xestión municipal do concello de Sada se atopen tratados con criterios homoxéneos e non discriminatorios.

1.2.- Para o goce das bolsas de comedor escolar será necesario que a persoa beneficiaria realice as xestións oportunas para ter asignada, ao comezo do curso escolar, unha das prazas dispoñibles para a prestación deste servizo nun centro escolar do termo municipal.

1.3.- Esta bolsa é incompatible con comedores escolares de xestión municipal directa ou con calquera outra axuda de institucións públicas ou privadas para a mesma finalidade, salvo a concedida polo Ministerio de Educación para menores con necesidades educativas especiais.

2.- RÉXIME XURÍDICO DAS BOLSAS COMEDOR

2.1.- A convocatoria rexerase pola seguinte normativa:

- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.
- Lei 5/1997, do 22 de xullo de administración local de Galicia.
- Real D.L. 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas locais.
- Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e Real decreto 887/2006, do 21 de xullo.
- Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.
- **Demais normativa concordante.**

2.2.- A convocatoria estará ao dispor das persoas interesadas na web municipal do Concello de Sada (sada.gal) e na Base de Datos Nacional de Subvencións. Un extracto da convocatoria publicárase no Boletín Oficial da Provincia (en diante BOP) da Coruña.

3.- CRÉDITO ORZAMENTARIO DO PROGRAMA

3.1.- O crédito total destinado a esta convocatoria é de 41.800€.

Deste importe, 13.376,00 € imputanse ao exercicio do 2025 e 28.424,00 €, correspondentes aos meses de decembro do 2025 e seguintes, imputaranse ao orzamento municipal do 2026.

A concesión efectiva da bolsa de comedor para os meses de decembro 2025 e seguintes quedará condicionada a que exista crédito suficiente no orzamento municipal do 2026.

Este gasto imputarase á aplicación 326.48016 do orzamento en vigor da anualidade que corresponda. No caso de que este crédito se incremente como consecuencia dunha modificación orzamentaria ou dunha maior asignación para esta finalidade, a contía adicional poderá aplicarse á concesión destas bolsas comedor, sen necesidade de aprobar unha nova convocatoria.

4.- LÍMITE INDIVIDUAL DA SUBVENCIÓN

4.1.- A contía da bolsa dividirase en dous tramos:

- 43€/mes para persoas usuarias cuxa renda per cápita (RPC) non supere os 7.000,00€
- 9€/mes para persoas usuarias cuxa RPC sexa igual ou superior a 7.000,01€.

Será por conta das persoas beneficiarias facer fronte á diferenza que exista entre a axuda concedida e o prezo do servizo.

4.2.- A axuda concedida será por un máximo de 10 meses, que corresponden á duración do curso escolar.



4.3.- A axuda concedida non cubrirá ningún gasto complementario ao servizo de comedor, como poden ser o seguro, as cotas de alta nas ANPAS ou outros conceptos que facturen las empresas prestadoras do servizo ou as entidades xestoras, que non se correspondan estritamente coa prestación do servizo de comedor.

Neste apartado a proposta, tendo en conta a advertencia do informe xurídico de secretaría do principio de non discriminación, as cantidades outorgadas ás familias beneficiarias, debería ser equivalente á cantidade que se bonifica no comedor do centro escolar xestionado polo propio Concello (CEIP Sada y Sus Contornos)

5.- PERSOAS BENEFICIARIAS

5.1.- Poderá ser beneficiario desta convocatoria o alumnado dos centros educativos sostidos con fondos públicos localizados no municipio de Sada nos que se imparta segundo ciclo de educación infantil e primaria, que dispoñan dun servizo de comedor xestionado por ANPAS con autorización da Consellería competente para prestar o servizo de comedor escolar.

5.2.- Esta axuda non é compatible con comedores escolares de xestión municipal.

5.2.-Terá calidade de persoa solicitante a persoa asinante da solicitude (pai, nai, titor/a).

5.3.-Terá calidade de persoa beneficiaria o alumnado menor de idade.

6.- REQUISITOS QUE DEBEN CUMPRIR AS PERSOAS BENEFICIARIAS

6.1.- Para ter a condición de persoa beneficiaria, o alumnado deberá reunir os seguintes requisitos que deberán manterse desde a data en que finalice o prazo de presentación de solicitudes e ata a finalización da actividade subvencionada:

- Estar matriculado nun centro educativo do termo municipal que conte con servizo de comedor autorizado, ou ter solicitado a matrícula dentro do prazo establecido pola Consellería.
- Atoparse ao corrente coas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.
- Non ter condena mediante sentenza firme á pena de perda da posibilidade de obter subvencións ou axudas públicas.
- Non incorrer en supostos de incompatibilidade (art. 13.2 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións).

7.- OBRIGAS DAS PERSOAS BENEFICIARIAS DE BOLSA COMEDOR

7.1.- Realizar as xestións oportunas coa entidade xestora do servizo de comedor para ter asignada, ao comezo do curso escolar, unha das prazas dispoñibles para a prestación deste servizo nun centro escolar do termo municipal e con asistencia continuada de luns a venres.

7.2.- Asistir ao comedor durante o período lectivo (setembro a xuño) desde a data da concesión da axuda e durante todo o período subvencionado. Os servizos municipais poderán realizar controis aleatorios para comprobar a efectiva asistencia dos menores ao comedor escolar.

7.3.-Comunicar e xustificar as faltas de asistencia ao comedor escolar a través da plataforma que facilite a entidade xestora, sendo a ANPA quen remita un informe mensual por rexistro de entrada co detalle de nome e días das faltas de asistencia e a xustificación dada, de ser o caso, así como das variacións de altas/baixas/incidencias que podan ter lugar respecto do mes anterior. Máis de quince ausencias sen xustificar conlevará a baixa das becas comedor. Así mesmo ao comezo do comedor remitirase pola ANPA e polos mesmos medios unha listaxe coa identificación dos alumnos e alumnas inscritos no servizo de comedor escolar.

7.4.- Cumprir coa normativa específica reguladora de cada comedor.

7.5.- Comunicar aos servizos municipais a obtención de calquera outra axuda para a mesma finalidade, xa proceda de calquera administración, entes públicos ou entidades privadas, que resulten incompatibles coa bolsa de comedor municipal.

7.6.- Someterse ás actuacións de comprobación que efectúe tanto o órgano outorgante como os de control financeiro, achegando a información ou documentación que se lle requira en relación co seguimento da axuda ou o exercicio das facultades de control.



7.7.- Comunicar aos servizos municipais durante o curso escolar aqueles cambios na súa situación económica ou sociofamiliar que poidan supoñer cambios na puntuación que orixinalmente deu lugar á concesión da axuda.

8.- LUGAR E PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

8.1.- A bolsa comedor solicitarase presentando a documentación a través do rexistro municipal, ben de forma presencial ou a través do rexistro electrónico na sede electrónica municipal (sede.sada.gal). De xeito alternativo, a solicitude poderá presentarse por calquera dos medios recollidos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. A solicitude deberá acompañarse de:

- O anexo de solicitude específica deseñada para a convocatoria 2025/2026 (ANEXO I), debidamente asinado pola persoa representante legal do menor que solicita a axuda.
- A documentación obrigatoria, que se sinala no apartado 10 desta convocatoria.
- A documentación complementaria, no caso de que sexa necesaria, segundo se recolle no apartado 11 desta convocatoria.

8.2.- O rexistro municipal facilitará copias desta solicitude e dos anexos, que tamén estarán dispoñibles para descarga na web municipal.

8.3.- O prazo para presentar as solicitudes será de 15 días hábiles a partir do día seguinte ao da publicación da convocatoria no BOP.

8.4.- Todas as listaxes desta convocatoria que sexan obxecto de publicación, identificarán ao solicitante desta axuda referenciando o DNI/NIE da nai, pai, titor/a.

9.- CRITERIOS PARA VALORAR AS SOLICITUDES

9.1.- Na valoración comparativa das solicitudes atenderase ao concepto de unidade familiar nuclear, entendendo pola mesma a composta, no momento da solicitude, polas seguintes persoas:

- A persoa solicitante.
- Os seus irmáns/irmás menores de 21 anos que convivan no mesmo domicilio.
- As persoas proxenitoras que teñan atribuída a garda e custodia ou as persoas que ostenten a súa tutela.

9.2.- A valoración das solicitudes virá determinada pola suma da puntuación obtida nos seguintes bloques:

- a) Situación económica da unidade familiar nuclear.
- b) Incompatibilidade horaria das persoas proxenitoras.
- c) Situación socio-familiar.

9.3.- Situación económica da unidade familiar nuclear:

9.3.1.- O cálculo da situación económica virá determinada pola renda per cápita do núcleo da unidade familiar (RPC), que se obterá como resultado de dividir a suma dos ingresos dos proxenitores que teñan atribuída a garda e custodia ou persoas que ostenten a súa tutela, entre o número de membros da dita unidade.

9.3.2.- Para o cálculo da renda per cápita da unidade familiar nuclear atenderase a:

- a) A declaración do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas do último exercicio.

Con carácter xeral: $\text{casiña } 435 + \text{casiña } 460 - \text{casiña } 595 = X$

Este resultado (X) dividírase entre o nº de membros da unidade familiar.

No caso de que a declaración fose presentada na modalidade conxunta para ambos os proxenitores, pero no caso que a configuración actual da unidade familiar no prazo de presentación das solicitudes, resulte computable unha única persoa proxenitora, computaranse as bases anteriores ao 50%.

- b) No caso de que as persoas non estean obrigadas a presentar a declaración do IRPF, será preciso o certificado de imputación



de rendas do ano 2023.

- c) *Unha vez fixada a renda per cápita da unidade familiar nuclear aplicarase os seguintes baremos:*

RENDA PER CÁPITA (RPC)	PUNTUACIÓN
Ata 6.000,00 €	10 puntos
De 6.000,01 € ata 7.000,00 €	8 puntos
De 7.000,01 € ata 8.000,00 €	6 puntos
Máis de 8.000,01 €	0 puntos

9.4.- Situación socio-familiar:

CONCEPTO	PUNTUACIÓN
Incompatibilidade horaria das persoas proxenitoras	2 puntos
Acreditación de familia monoparental	2 puntos
Acreditación de familias numerosas	2 puntos

A puntuación neste apartado é acumulable.

9.5.- A valoración das solicitudes presentadas realizarase sobre a base da documentación que as persoas solicitantes acheguen e da que se incorpore ao expediente como resultado da consulta automática de datos entre administracións.

O Concello resérvase a potestade de requirir calquera outra documentación para acreditar os feitos alegados e comprobar a puntuación obtida.

9.6.- As solicitudes serán ordenadas, establecendo unha orde de prelación de maior a menor puntuación.

9.7.- Poderán gozar da bolsa todas as solicitudes concedidas, segundo a orde de prelación resultante, ata esgotar os 41.800 € do crédito dispoñible.

9.8.- Nos casos de empate nas puntuacións obtidas, estableceranse como medidas de desempate os seguintes criterios:

1. *Mayor puntuación obtida no apartado de valoración situación económica da unidade familiar nuclear.*
2. *Puntuación obtida no apartado de valoración incompatibilidade horaria das persoas proxenitoras.*
3. *Mayor puntuación obtida no apartado de valoración situación socio-familiar.*

10.- DOCUMENTACIÓN OBRIGATORIA

Deberá de achegarse en todas as solicitudes a seguinte documentación:

10.1- Modelo de solicitude específica para a convocatoria 2025/2026 (ANEXO I) cuberto pola persoa solicitante (nai, pai, titor/a) da persoa beneficiaria (alumno/a).

Coa sinatura da solicitude a persoa solicitante acredita o cumprimento dos requisitos.

Ademais, as persoas solicitantes deberán aportar un certificado de matriculación nun centro educativo do termo municipal que conte con comedor escolar xestionado por ANPA e autorizado pola Consellería competente. No caso de que o proceso de matriculación non estivese finalizado aportarase o xustificante de solicitude de matrícula.

Coa sinatura da solicitude, autorízase ao Concello de Sada para consultar o cumprimento dos seguintes requisitos ou circunstancias:



- *Estar ao corrente de pago coa Seguridade Social e a AEAT.*

No caso de oposición a esta consulta, a persoa solicitante deberá achegar xunto coa solicitud **os documentos acreditativos os certificados correspondentes.**

Na mesma solicitud asinarase unha declaración responsable sobre o cumprimento das obrigas das persoas beneficiarias, recollidas no apartado 7 desta convocatoria.

10.2. Certificado de estar a corrente de obrigas tributarias coa Facenda galega (ATRIGA).

10.3. Copia do Libro de Familia completo ou documento equivalente expedido por un organismo oficial que acredite a filiación ou, no caso de existir outra relación coa persoa beneficiaria, a documentación xudicial ou administrativa que acredite este vínculo.

10.4.- Segundo estea atribuída ou exercida a custodia do/a menor solicitante da axuda deberá presentarse a seguinte documentación:

A) Custodia atribuída ou exercida por unha persoa proxenitora:

A.1) Existencia dunha única persoa proxenitora.

Neste caso presentarse **copia do** libro de familia completo acompañado, no seu caso, do certificado de defunción da outra persoa proxenitora.

A.2) Dúas persoas proxenitoras e unha delas ten atribuída en exclusiva a custodia da persoa solicitante.

Presentarse unha copia da sentenza ou convenio regulador aprobado xudicialmente que acredite esta circunstancia e na que se establezan as medidas paterno-filiais.

B) Custodia atribuída ou exercida por dúas persoas proxenitoras:

B.1) Dúas persoas proxenitoras que teñan atribuída a custodia compartida por sentenza xudicial. Neste caso presentarse copia da sentenza ou convenio regulador aprobado xudicialmente.

B.2) Dúas persoas proxenitoras que teñan atribuída a custodia sen sentenza xudicial. Neste caso sinalarse no anexo esta circunstancia.

11.- DOCUMENTACIÓN XUSTIFICATIVA DOUTRAS CIRCUNSTANCIAS PARA A VALORACIÓN DISTINTAS DA SITUACIÓN ECONÓMICA DA UNIDADE FAMILIAR NUCLEAR

11.1.- Incompatibilidade horaria.

Para acreditar a incompatibilidade horaria deberá presentarse a seguinte documentación polas persoas que teñan a custodia da/o menor solicitante:

- A. No caso de traballadores por conta allea, un certificado emitido pola entidade contratante, con data actualizada ao momento desta solicitud, no que consten os datos do traballador/a. Debe contar coa firma da persoa responsable e/ou selo da empresa.**
- B. No caso de traballadoras/es por conta propia, deberá indicarse esta circunstancia no Anexo I, debendo achegar unha declaración responsable alegando esta incompatibilidade horaria e o informe de “situación actual do traballador”, emitido pola Tesourería Xeral da Seguridade Social.**

Nos casos en que exista un réxime de custodia compartida por sentenza xudicial ou convenio regulador aprobado xudicialmente, deberá acreditar a incompatibilidade a persoa proxenitora que figure como representante legal na solicitud.

Para as persoas que se queiran acoller ás circunstancias sinaladas no punto 10.3. A) 3 e 4, deberá acreditar a incompatibilidade horaria a persoa que figure como representante legal na solicitud.

11.2.- Situación socio-familiar.

- A. A situación de monoparentalidade acreditarase mediante a presentación do certificado de monoparentalidade expedido pola Xunta de Galicia a través da Consellería que se considere competente neste caso.**
- B. A situación de familia numerosa acreditarase mediante a presentación da **copia** título/carné expedido pola Xunta de Galicia a**



través da Consellería que se considere competente neste caso.

12.- PROCEDEMENTO. INSTRUCCIÓN, VALORACIÓN DAS SOLICITUDES E PROPOSTA DE RESOLUCIÓN PROVISIONAL

12.1.- Unha vez finalizado o prazo de presentación de solicitudes, ao área de Secretaría, como o órgano instructor do procedemento, revisará a documentación presentada e verificará o cumprimento de todos os requisitos así como a presentación da documentación obrigatoria establecido no apartado 10 desta convocatoria.

12.2.- No caso de que se detecten defectos ou faltas na documentación presentada, requirirase ás persoas solicitantes para que nun prazo máximo de dez (10) días hábiles que se contarán desde o seguinte ao da publicación no **taboleiro de anuncios e edictos municipal** situado na sede electrónica do Concello, para que emenden as faltas detectadas.

No caso de non atender ao requirimento ou non facelo adecuadamente teráselle por desistido da súa petición.

12.3.- Para valorar as solicitudes presentadas nomearase unha “mesa de valoración” que aplicará o baremo establecido na presente convocatoria e realizará un informe co resultado da valoración efectuada que se elevará ao órgano instructor. Esta mesa de valoración poderá estar integrada por persoal da área de Secretaría, Intervención, Educación ou Benestar Social.

12.4.- O órgano instructor formulará a proposta de resolución provisional, que, debidamente motivada, publicarse no taboleiro de anuncios municipal situado na sede electrónica do Concello.

Esta proposta indicará a listaxe de persoas beneficiarias propostas con axuda concedida, como resultado de aplicar os criterios establecidos desta convocatoria, así como as solicitudes denegadas e as que non fosen obxecto de valoración por presentarse fóra de prazo ou por ter a persoa solicitante desistido da súa solicitude.

A publicación realizada nos lugares indicados no apartado 12.2 da convocatoria iniciará o cómputo dun prazo para que as persoas interesadas poidan presentar alegacións e que será de dez (10) días hábiles.

13.- PROCECEMENTO: ALEGACIÓNS, PROPOSTA DE RESOLUCIÓN DEFINITIVA E RESOLUCIÓN DA CONVOCATORIA.

13.1.- Durante o prazo de alegacións que conforme á normativa aplicable se conceda non serán tidos en conta novos documentos que non foran aportados na fase anterior.

As alegacións poderán facer referencia á existencia de erros na puntuación obtida, á proposta de denegación da axuda ou a outras circunstancias, sen que poida corrixirse nesta fase do procedemento a documentación requirida anteriormente se non se atendeu ao requirimento no prazo establecido, nin chegar na fase de alegacións nova documentación que non obrase xa no expediente e que poida dar lugar a un cambio da puntuación inicial.

13.2.- Despois de examinar as alegacións presentadas, a mesa de valoración realizará un informe final que se elevará ao órgano instructor, que elaborará a proposta de resolución definitiva.

Publicada a proposta de resolución definitiva nos medios indicados no apartado 12.2, as persoas propostas como beneficiarias deberán aceptar ou renunciar á bolsa nun prazo de dez (10) días hábiles. Transcorrido este prazo sen producirse a comunicación da aceptación expresa por parte das persoas solicitantes, a subvención entenderase como aceptada.

13.3.- Transcorrido o prazo anterior, o órgano competente resolverá a convocatoria. Esta resolución indicará as solicitudes concedidas e denegadas, as aceptacións de renuncias e desistencias presentadas, as inadmisións a trámite ou outras circunstancias.

A resolución retrotraerá os seus efectos económicos á data do inicio da prestación do servizo de comedor escolar e será notificada colectivamente mediante publicación oficial nos lugares sinalados no apartado 12.2 desta convocatoria.



13.4.- A resolución que resolva a convocatoria porá fin á vía administrativa, podendo contra este acto interpoñer as persoas interesadas os seguintes recursos:

- Recurso de reposición ante o órgano que adopta a resolución, con carácter potestativo, no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa publicación. Non se poderá interpoñer recurso xudicial ata o momento en que se resolva expresamente ou ben se produza a desestimación presunta do recurso de reposición.
- Poderán interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo perante o xulgado do contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, que se contarán a partir do día seguinte ao da publicación (artigos 8 e 46 da Lei 29/98, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición contencioso-administrativa).

Todo isto sen prexuízo de que as persoas interesadas poidan interpoñer calquera outro que estimen pertinente.

14.- RENUNCIA, SUSPENSIÓN DO SERVIZO, BAIXA E OUTRAS CIRCUNSTANCIAS.

14.1.- As persoas beneficiarias poderán renunciar de forma expresa á bolsa concedida, debendo presentar a dita renuncia no rexistro municipal.

14.2.- Os servizos municipais proporán de oficio a baixa como beneficiario/a da bolsa comedor e a revogación da axuda concedida cando se detecte algunha das seguintes circunstancias:

- a) Ocultación de información relativa aos requisitos ou alteración das circunstancias determinantes para a concesión da axuda.
- b) Comunicación ao Concello de Sada por parte da entidade xestora do comedor, ANPA, de que a persoa beneficiaria non realizou os trámites necesarios para incorporarse ao servizo no prazo habilitado (reserva de praza, matrícula...) ou de que a realizase incumprindo as condicións e requisitos desta convocatoria.
- c) Incumprimento do réxime interno do centro educativo para o servizo de comedor.
- d) Falta de asistencia sen xustificar ao comedor, continua ou intermitente, durante máis de quince días lectivos sen motivo xustificado, salvo as excepcións mencionadas no apartado 14.3. Con esta finalidade, os servizos municipais poderán realizar controis aleatorios ou por mostraxe para comprobar a efectiva asistencia dos menores ao comedor escolar, ademais de comprobar a documentación sinalada no apartado 7.3.
- d) Incumprimento das obrigas que conleva a condición de beneficiario, ou perda do cumprimento de requisitos obrigatorios previstos nesta convocatoria (empadramento noutro municipio, cambio a centro escolar fóra do termo municipal, cambio a un centro sen servizo de comedor, entre outros). Procederase á baixa de oficio de calquera menor no que se detecte a baixa no Padrón municipal en calquera momento desde a solicitude e ata a finalización do curso escolar.

No caso de que concorra algunha das causas anteriores, o órgano competente acordará o inicio do procedemento para a revogación parcial ou total da axuda concedida, segundo proceda, outorgando ás persoas afectadas un prazo de dez (10) días hábiles para realizar alegacións. Para a apertura deste prazo, realizarase a notificación colectiva en taboleiro de anuncios e edictos municipal, conforme o previsto no apartado 12 desta convocatoria.

Finalizado o prazo de alegacións, o órgano instructor estudará as alegacións presentadas e formulará proposta de resolución definitiva ao órgano competente para resolver.

14.3.- O goce da bolsa de comedor escolar poderá suspenderse nos seguintes casos:

- a) No caso de que concorran na persoa beneficiaria motivos médicos ou terapéuticos que impidan acudir ao comedor escolar temporalmente.
- b) Cando as persoas beneficiarias de bolsa realizasen en prazo coa empresa xestora do comedor os trámites para a incorporación ao mesmo pero esta non resulte posible por non existir prazas suficientes para cubrir a demanda do servizo.
- c) Tamén poderá suspenderse a concesión da bolsa no caso de que se produza o peche dun comedor escolar pola realización de obras ou outras circunstancias excepcionais debidamente acreditadas.

Nos informes de seguimento mensual do programa, faranse constar as suspensións así como as circunstancias que motivaron esta suspensión para cada menor.

O goce e pago da bolsa comedor poderá reactivarse nos casos en que finalice a causa que motivou a suspensión.



15.- PAGO DA SUBVENCIÓN OUTORGADA AO PROVEDOR DO SERVIZO DE COMEDOR ESCOLAR

15.1.- O pago da subvención realizarase directamente á empresa que presta o servizo de comedor escolar, por expresa delegación do pago efectuada coa solicitude da axuda para o pago do comedor escolar.

O pago delegado en ningún caso supón a existencia dunha relación contractual nin cambio algún na identidade da persoa beneficiaria, obrigada ao cumprimento desta convocatoria.

15.2.- A empresa provedora do servizo de comedor deberá presentar mensualmente a través da sede electrónica municipal (sede.sada.gal) as facturas electrónicas emitidas pola prestación de servizos do comedor escolar, nas que figurará a listaxe de beneficiarias a quen se prestou o servizo, así como as incidencias detectadas na asistencia ao comedor, baixas no servizo e outros.

15.3.- No caso de que o punto anterior non sexa posible, deberán ser as persoas usuarias do servizo de comedor, de xeito individual, quen presenten no Rexistro Municipal as facturas descritas.

O pago da subvención realizarase a cada beneficiario e/ou beneficiaria unha vez presentadas por rexistro de entrada as facturas do comedor e unha declaración xurada sobre a asistencia continuada coa excepción da ausencia e xustificación no seu caso.

Co obxectivo de favorecer a conciliación e garantir unha maior axilidade no acceso ás axudas, propónse que o concello poida adiantar ata o 50% da contía da subvención no momento da resolución favorable da concesión. O importe restante aboaráse unha vez presentadas por rexistro de entrada as facturas do comedor e a correspondente declaración xurada sobre a asistencia continuada, coa excepción das ausencias xustificadas.

16.- PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

16.1. Os datos persoais recollidos na tramitación desta convocatoria de subvencións, cuxo tratamento e publicación autorizan as persoas interesadas mediante a presentación das solicitudes, serán incluídos nun ficheiro coa finalidade de xestionar o procedemento de concesión da bolsa comedor, así como para informar ás persoas interesadas sobre o seu desenvolvemento, sendo o responsable do mesmo o Concello de Sada, de conformidade coa Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos de carácter persoal e garantía dos dereitos dixitais.

16.2. Os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición aos datos persoais rexistrados neste ficheiro poderanse exercer ante o Concello de Sada, nos termos establecidos nos artigos 13 e 18 da dita Lei, a través da sede electrónica do Concello de Sada (<https://sede.sada.gal>), empregando o procedemento “Exercicio de dereitos sobre os datos de carácter persoal” que se atopa no apartado de “Outros Procedementos e Trámites”.

2. Que se incorporen os informes necesarios para volver a traer a pleno o expediente para a súa aprobación coa maior urxencia posible».

Intervén a sra. Nogareda:

«SRA. NOGAREDA: ‘Bueno’, non imos repetir o que xa repetimos no pleno pasado, realmente isto pois xa se aprobara no mes de xaneiro do 2025, a posta en marcha dun programa de bolsas comedor destinado ao alumnado que asistía ao comedor do CEIP Pedro Barrié de la Maza e que esta iniciativa responde a unha demanda social xustificada co obxectivo de favorecer a igualdade de oportunidades, a conciliación da vida familiar e laboral e o acceso a unha alimentación saudable por parte do alumnado do centro e establecer un baremo que teña en conta a RENDA familiar.

No pleno pasado un dos escollos que había para poder aprobar estas bases fundamentalmente era que había que modificar o plan estratéxico, había un documento dentro do expediente de modificación do plan estratéxico que o sr. Portela subira o 16 ou 17 de xullo pero sorprendentemente non o trouxo ao pleno pasado e daquela, ‘bueno’, alertamos fundamentalmente desde os grupos da oposición de que isto había que alixeiralo.

Acordamos que o día 4 de agosto teríamos unha xunta de voceiros e voceiras, como así foi, e aludimos a propostas de cambio e estabamos agardando a que se informase ao respecto con estas propostas que o señor Portela lle pasaría para elaborar o informe xurídico á secretaria porque o interventor do PE si tiña informado pero non propiamente das bases, non sei se a día de hoxe, porque non



Edificio municipal de uso administrativo
Avda. da Mariña, 25 (Sada)
15160 Sada (A Coruña)
Tfno.: 981 62 00 75
Fax: 981 62 12 74
<https://sede.sada.gal>

CONCELLO DE SADA

exp. 2025/G010/000012

me consta no expediente, se avaliou algunha cousa nova porque contamos cunha compañeira do concello que é interventora accidental, está substituíndo á figura do interventor mentres está de vacacións, entendemos.

Ben, dito o cal o día 4 de agosto quedamos en que se pasaría o plan estratéxico, quedamos en que se pasarían as bases e nós viamos que non había máis movementos, solicitamos o acceso ao expediente e desde o 4 de agosto o día 14, creo lembrar, presenteime no concello porque non tiña acceso a estes expedientes. Naquel momento, 'bueno', non se sabe moi ben onde fora a parar a solicitude, a persoa que a tiña que recibir parece ser que non tiña acceso ao grupo, todo detalles irrelevantes neste momento pero tamén estaba o sr. Portela alí dicindo que non era capaz de pasarlle ou de delegarlle as bases á señora secretaria, é dicir, que dende o 4 ata o 14 aínda non se lle delegaran as bases para informe.

Creo recordar tamén que o día 19 tivemos un novo pleno extraordinario para aprobar o PES e ese día creo que se comentou que si xa tiña as bases dese mesmo día, o cal informou pois non sei se o día seguinte pero dous días máis tarde, na comisión informativa, ao finalizar a mesma. O sr. Portela mándanos de noite, ás once da noite, as modificacións que fixera en relación ao informe que emitira a secretaria, e 'bueno', houbo unha serie de condicións (salvedades) que ela propuxera no seu informe, condicións en cuestións que había que modificar.

Dito o cal, novamente sorpréndeme porque desde o 19 xa estaban esas bases, volví ao concello a solicitar a actualización do expediente porque o día que mo enviaran faltábame a información que viñera despois. Achegueime o venres, solicitei esa información e actualizaron o expediente, sorprendentemente aparecían dúas bases, aparecían unhas bases do 19, non, as do 21, que foi a comisión informativa, e o 22 outras bases, que foi o día que estiven eu no concello. Tendo en conta isto e tendo en conta que a verdade que tal como dix o secretario nesa reunión é un pouco complicado seguir os cambios cando non se manifestan, eu, 'bueno', aquí tomamos como base o documento inicial que vostede nos mandara en documento word, non en pdf, pero nós aquí fixemos os cambios atendendo a esas cuestións que comentaba a secretaria que creo que nalgún caso máis ou menos están incluídos pero non me puxen a determinar os cambios que fixera vostede, señor Portela, porque é bastante complicado estar cos dous documentos mirando onde está o erro, sobre todo analizando cando non está en cores.

Unha das primeiras cuestións que nos chamou a atención é que vostede comentara que cambiara no documento que se lle presentara a secretaria o tema do empadramento, como así lle pedimos, unha das achegas que fixemos nesa xunta de voceiros era que as bolsas fosen para todos e todas os nenos e nenas que estivesen nese comedor escolar, dentro do CEIP Pedro Barrié de la Maza. El dixo que lle sorprendera que puxera isto a secretaria no seu informe, é certo, quitouno dalgún lado, pero é que despois no documento aparecía xa no 1 punto 1, para o alumnado empadornado en lugar de escolarizado, aparecía nas do 19, das do día 19, porque hai do 19, do 21 e do 22. Hai outras así, pero 'bueno', iso é simplemente poñer o buscador, é certo que se poñemos no buscador padrón ao mellor non nos sae empadornado, iso tamén é certo; un erro menor. Aquí propoñemos en azul os cambios nese sentido.

E despois hai tamén outras cuestións que promovemos quitar, como por exemplo que a bolsa é incompatible, o 1.3, 'Esta bolsa é incompatible con comedores escolares de xestión municipal directa ou con calquera outra axuda de institucións públicas ou privadas para a mesma finalidade, salvo a concedida polo Ministerio de Educación para menores con necesidades educativas especiais'. Isto é certo que a min tamén se me pasara da primeira volta, é certo que estas bases nos lembraban bastante ás da Coruña, pode ser que sexa así, non o tomamos en negativo senón todo positivo, hai cousas que están inventadas, eu mesma tamén collín cousas que funcionaban doutros concellos no seu momento e adapteinas o concello de Sada, pero claro isto, por exemplo no concello da Coruña ten un sentido e é que a beca comedor implica o 100% de bonificación do que pagan as familias; neste caso non vai haber un 100% de bonificación, entón somos conscientes de que hai empresas públicas e hai empresas privadas que dan axudas ás familias para liquidar (solventar) esta circunstancia, o que haberá é que quitar este punto e despois asegurarse de que ninguén cobra máis do que gasta con subvencións públicas.

E, 'bueno', o de demais normativa concordante xa o deixamos a un lado, que xa o debatemos bastante naquel momento. E despois en relación, no punto 4 hai unha proposta tendo en conta a advertencia do informe xurídico de secretaria do principio de non discriminación, porque ela advertía no seu informe que isto podía entrar en discriminación con outros centros da localidade. Certo é, falouse dalgún outro centro, e entendemos que isto ten que levar un tempo, non o vamos resolver hoxe, pero que se acade o compromiso por parte deste pleno de poder ir, traer outras bases onde se poida aprobar para outros centros educativos e para as familias beneficiarias e para que, 'bueno', estas solicitudes non entren neste principio de discriminación.

Había outras cuestións, de quen tería que levar as faltas de asistencia ao comedor escolar, porque alguén tería que controlar todo iso. Desde aquí sempre se fixo, desde o centro en Sada e Contornos, desde o centro cando o levaba o concello, neste caso se o estaba xestionando a ANPA e ademais pode seguir pedindo a subvención da Xunta pois o lóxico é que sexan eles; que entreguen as faltas de asistencia ao que corresponde.

E despois facemos unha nova achega (aportación) que xa comentamos na xunta de voceiros, porque se fala dunha cantidade determinada para cada familia beneficiaria a partir da renda, e nós o que propuxemos precisamente atendendo tamén a ese principio de non discriminación e precisamente o malestar que xurdiu nesta escola por parte das familias cando empezou xestionar a ANPA o comedor é que sexa equivalente aos importes que están bonificados en Sada e Contornos, máis que nada por ese tema.

O resto son cuestións mínimas, nas que a propia secretaria alude 'quitar, poñer, quitar, sacar, eliminar'. Iso xa aparece aí e entendo que tamén o sr. Portela fixo algunhas das achegas propiamente. E despois, que creo que o vin despois, nós tamén propoñiamos que se adiantase o 50% que tamén noutro borrador o sr. Portela tamén o manifestou, o que pasa é que volvo repetir é un pouco incómodo miralo cando non están os cambios aquí.



Edificio municipal de uso administrativo
Avda. da Mariña, 25 (Sada)
15160 Sada (A Coruña)
Tfno.: 981 62 00 75
Fax: 981 62 12 74
<https://sede.sada.gal>

CONCELLO DE SADA

exp. 2025/G010/000012

Por este motivo evidentemente traemos estas bases, ese é o punto 1 do acordo, o que propoñemos con isto é axilizar evidentemente e incluír estas bases no expediente de bolsas-comedor para que sexan tidos en conta os cambios e modificacións propostos, evidentemente se son oportunos. E despois o punto 2, que se incorporen os informes necesarios para volver a traer a pleno o expediente para a súa aprobación coa maior urxencia posible porque 'ya vamos tarde'».

Intervén o presidente, sr. Portela Fernández, facendo unhas aclaracións sobre a achega da documentación ao expediente.

A secretaria puntualiza que ao non estar asinado é posible que a persoa que fixo entregada da documentación non llo dese, ao arrastrar só o que estaba asinado.

Interveñen o sr. España López (NA), a quen lle parece triste estar o 28 de agosto aínda debatendo sobre algo tan sensible como as bolsas-comedor e unha mágoa non poder facer a avaliación do desempeño aos cargos públicos, sobre todo aos que teñen carteira agora e (dedicación) exclusiva, porque igual algún non sabe o que é, pero é unha ferramenta moi útil para saber se una persoa que ten que facer unhas tarefas realmente as fai. Di que se está a xogar con algo tan sensible como que é que criaturas que teñen deito a desfrutar dun comedor as familias chegadas o mes de agosto non saben como lles afecta. Cre que as persoas con adicación exclusiva tiveron tempo de sobra para corrixir e ler os informes, para q

Intervén o sr. Graña (GM-BNG), quen logo dunha explicación indica que entende que hai que lle dar unha volta a isto, facendo mención ao volume de papeleo que lle supón á familia de cada usuario para xustificar a subvención, e que ata que se entreguen as facturas non se cobra o resto do 50% da subvención e non sabe se realmente é unha mellora significativa.

Neste momento o público realiza algún comentario e o alcalde pide silencio.

Continúa o sr. Graña (GM-BNG)

«SR. GRAÑA: 'Hai que darlle voltas a esta historia, seguro que hai sistemas mellores para favorecer a equidade i o acceso ás familias a unha educación pública de calidade no que se inclúe o tema comedor, pero non sei si vamos polo bo camiño, eh, esto vai ser moi enfarragoso para todos e tadas i non cumple os obxectivos que se tiñan marcado polos propoñentes, eu creo, bueno grazas'».

A sra. Pena Álvarez (GM-PSOE), quen sinala que o papeleo que se pide é o que pide calquera administración que aporta diñeiro e incide en que novamente tivo que ser un partido da oposición quen axilizase o tema; a sra. Arias Ferreiro (PP), quen se refire entre outros aspectos ao decreto de comedores da Xunta de Galicia, que di que non se está a aplicar nos colexios públicos de Sada e que mesmo recolle casos de gratuidade, que relaciona.

Intervén seguidamente a sra. Mouriño Neira (SM), concelleira delegada da área de Deporte, Educación e Xuventude:

«SRA. MOURIÑO: Ola, boa tarde. 'Bueno', a ver, vou ir contestando así varias cuestións. Non sei moi ben por onde empezar. Señor España, algo tan sensible esta cuestión do comedor, e tan delicado, por iso o concello de Sada aporta 41.800 euros para un servizo da competencia da Xunta de Galicia. Ben.

Con respecto ás bases, sra. Nogareda, do concello da Coruña, efectivamente si que son, certamente, de feito nas bases do concello da Coruña o pago si que vai delegado precisamente por todo isto que mencionaba o sr. Graña das dificultades das familias de dar subvención directamente ás familias, por iso se fai ese pago delegado, en todo caso isto é meramente informativo porque si que xa se cambiou nas bases.

As bases que se presentan nesta moción son un aumento máis corrixido das bases, as terceiras bases que presentou o goberno, que foron do venres pasado, isto non veu a pleno, sra. Pena, porque aínda foron informadas onte e ás sete da tarde non daba tempo xa a traer o punto para este pleno e ademais viñan informadas desfavorablemente, polo tanto».

Intervén a sra. Pena:

«SRA. PENA: Perdón, contábamos con que seguramente iban a chegar urgentes».

Continúa a sra. Mouriño:

«SRA. MOURIÑO: Continúo? Si? Vale. Viñeron informadas desfavorablemente. Apuntei aquí por botarlle unha man á sra. Nogareda cos



pdf, hai comparadores de pdf que si que cho pon en cores, 'bueno', isto por botarlle unha man se non coñecía este tipo de páxinas.

O punto que mencionaba o PP acerca da gratuidade, foi o primeiro que leu vostede da Xunta de Galicia, a gratuidade para as familias antes que a exclusión social xa o temos incluído no regulamento de emerxencia social aprobado neste pleno, certamente os dous seguintes puntos que vostede redactou non pero, 'bueno', ese si e que quede constancia que si que se tivo en conta.

Equivalente a Sada e Contornos? Iso se falou xa neste pleno, creo que quedou claro, de feito se falou nun Consello Escolar, se falou coa ANPA, se falou co propio Sada e Contornos, que na proposta da concellería tamén se incluía esta cuestión, tres intentos de bases do goberno, ningún foi válido, estou segurísima de que este si que vai a ser informado favorablemente e, 'bueno', recoñecer que 'bueno', informes que tardaban dous meses agora se tardan unha semana pois nós encantados e moi agradecida, así que, 'bueno', creo que estamos todos de acordo en que estas bases saian para adiante».

Intervén o presidente, sr. Portela Fernández (SM), indicándolle á sra. Nogareda que coincide plenamente con ela en que son cuestións mínimas as discrepancias que hai entre o documento da moción e o documento presentado polo goberno o día 22 de agosto, venres, parándose polo miúdo en explicar unha serie de aspectos que considera que son os máis relevantes e nos que ademais non hai obxeccións xurídicas, polo que conclúe que estando no substancial de acordo e no substancial das bases non habendo obxeccións de tipo xurídico pensa que non debe haber problema en aprobalas canto antes, emendando o que sexa, e que hoxe hai unha proposta e que semella que a moción de Unidos por Sada pode ser acollida por todos incorporando todas esas emendas ou mesmo como un documento transaccional, polo que estando de acordo no realmente importante han votar a favor, como di que xa indicara a concelleira do seu grupo municipal.

Interveñen novamente a sra. Nogareda, dicíndolle á Sra. Mouriño que grazas pero cando non hai cores é difícil distinguir e facendo varios comentarios, como ao Sr. Graña de que a burocracia é a mesma e cando se aportan cartos públicos hai que xustificalo, aclara que o importe que gastaba o concello era menor e as familias tiñan unha bonificación maior, por eso o plantexan, e congratulándose o seu grupo de que a súa moción poida saír aprobada por unanimidade; o sr. España, que lle pregunta á sra. Mouriño con relación aos 41.800 euros que non pon a Xunta e si o concello.

Continúa a sra. Mouriño:

«SRA. MOURIÑO: Perdón, adoito non entrar neste tipo de comentarios, pero non dixen, adoito non entrar neste tipo de debates, eh pero é que non dixen que tivera que aportar a Xunta, dixen que precisamente porque a nós como goberno nos parece un tema delicado aportamos, aporta o Concello de Sada, 41.800 euros a un servizo que é de competencia da Xunta de Galicia, como efectivamente se está a facer no outro dos centros escolares, non dixen que a Xunta de Galicia tivera que aprtar».

O sr. España lle di que sería un erro de interpretación seu pero que con 30.000 euros que cobra a sra. Mouriño ao ano dille que faga o seu traballo.

Pide a palabra o Sr. Graña (GM-BNG)

«SR. GRAÑA: 'Aclarar a posición do BNG, non imos a votar a favor desta, destas bases porque temos moitas dúbidas de que no entorno escolar o ANPA, o consello escolar, que non sei alguén falou con eles ou non, non teño nin idea, eh, van a recibir de boas maneiras, eh, esta medida i creo que incluso vai ser impopular nas familias, entón o BNG non vai a apoiar esta, estas bases, grazas».

A continuación, procédese á votación da moción, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 16 (7 SM, 4 UPSA, 4 PP e 1 GM-PSOE).
- Votos en contra: 1 GM-BNG.
- Abstencións: Non se emiten.

Resultando aprobado por maioría absoluta o seguinte **ACORDO**:

1. Incluir no expediente de bolsas comedor ditas bases para que sexan tidos en conta os cambios e/ou modificacións propostos:



AXUDAS DE CONCESIÓN DIRECTA - BOLSA COMEDOR CURSO 2025/2026

AZUL: texto que se propón suprimir

ROSADO: texto que se propón incluír como modificación

VERDE: texto que indica unha nova proposta.

1.- OBXECTO

1.1.- O obxecto desta convocatoria é regular a concesión de axudas económicas para o pago do servizo de comedor escolar xestionado por ANPAS, na modalidade presencial de luns a venres e durante o período lectivo do curso escolar 2025/2026, para o alumnado empadroado escolarizado no Concello de Sada. Ten orixe a presente liña de subvención na suprimida subvención directa que se concedía ao ANPA de Mondego para o servizo de comedor, polo que para o resto de centros escolares, incluída a gardería municipal procederase ao estudo e creación, no seu caso da liña correspondente de subvencións para que os alumnos das distintas ensinanzas sostidas con fondos públicos e comedores escolares de xestión municipal do concello de Sada se atopen tratados con criterios homoxéneos e non discriminatorios.

1.2.- Para o goce das bolsas de comedor escolar será necesario que a persoa beneficiaria realice as xestións oportunas para ter asignada, ao comezo do curso escolar, unha das prazas dispoñibles para a prestación deste servizo nun centro escolar do termo municipal.

1.3.- Esta bolsa é incompatible con comedores escolares de xestión municipal directa ou con calquera outra axuda de institucións públicas ou privadas para a mesma finalidade, salvo a concedida polo Ministerio de Educación para menores con necesidades educativas especiais.

2.- RÉXIME XURÍDICO DAS BOLSAS COMEDOR

2.1.- A convocatoria rexerese pola seguinte normativa:

- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.
- Lei 5/1997, do 22 de xullo de administración local de Galicia.
- Real D.L. 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas locais.
- Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e Real decreto 887/2006, do 21 de xullo.
- Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.
- Demais normativa concordante.

2.2.- A convocatoria estará ao dispor das persoas interesadas na web municipal do Concello de Sada (sada.gal) e na Base de Datos Nacional de Subvencións. Un extracto da convocatoria publicárase no Boletín Oficial da Provincia (en diante BOP) da Coruña.

3.- CRÉDITO ORZAMENTARIO DO PROGRAMA

3.1.- O crédito total destinado a esta convocatoria é de 41.800€.



Deste importe, 13.376,00 € imputáanse ao exercicio do 2025 e 28.424,00 €, correspondentes aos meses de decembro do 2025 e seguintes, imputaranse ao orzamento municipal do 2026.

A concesión efectiva da bolsa de comedor para os meses de decembro 2025 e seguintes quedará condicionada a que exista crédito suficiente no orzamento municipal do 2026.

Este gasto imputarase á aplicación 326.48016 do orzamento en vigor da anualidade que corresponda. No caso de que este crédito se incremente como consecuencia dunha modificación orzamentaria ou dunha maior asignación para esta finalidade, a contía adicional poderá aplicarse á concesión destas bolsas comedor, sen necesidade de aprobar unha nova convocatoria.

4.- LÍMITE INDIVIDUAL DA SUBVENCIÓN

4.1.- A contía da bolsa dividirase en dous tramos:

- 43€/mes para persoas usuarias cuxa renda per cápita (RPC) non supere os 7.000,00€
- 9€/mes para persoas usuarias cuxa RPC sexa igual ou superior a 7.000,01€.

Será por conta das persoas beneficiarias facer fronte á diferenza que exista entre a axuda concedida e o prezo do servizo.

4.2.- A axuda concedida será por un máximo de 10 meses, que corresponden á duración do curso escolar.

4.3.- A axuda concedida non cubrirá ningún gasto complementario ao servizo de comedor, como poden ser o seguro, as cotas de alta nas ANPAS ou outros conceptos que facturen las empresas prestadoras do servizo ou as entidades xestoras, que non se correspondan estritamente coa prestación do servizo de comedor.

Neste apartado a proposta, tendo en conta a advertencia do informe xurídico de secretaría do principio de non discriminación, as cantidades outorgadas ás familias beneficiarias, debería ser equivalente á cantidade que se bonifica no comedor do centro escolar xestionado polo propio Concello (CEIP Sada y Sus Contornos)

5.- PERSOAS BENEFICIARIAS

5.1.- Poderá ser beneficiario desta convocatoria o alumnado dos centros educativos sostidos con fondos públicos localizados no municipio de Sada nos que se imparta segundo ciclo de educación infantil e primaria, que dispoñan dun servizo de comedor xestionado por ANPAS con autorización da Consellería competente para prestar o servizo de comedor escolar.

5.2.- Esta axuda non é compatible con comedores escolares de xestión municipal.

5.2.- Terá calidade de persoa solicitante a persoa asinante da solicitude (pai, nai, titor/a).

5.3.- Terá calidade de persoa beneficiaria o alumnado menor de idade.

6.- REQUISITOS QUE DEBEN CUMPRIR AS PERSOAS BENEFICIARIAS

6.1.- Para ter a condición de persoa beneficiaria, o alumnado deberá reunir os seguintes requisitos que deberán manterse desde a data en que finalice o prazo de presentación de solicitudes e ata a finalización da actividade subvencionada:



- e) Estar matriculado nun centro educativo do termo municipal que conte con servizo de comedor autorizado, ou ter solicitado a matrícula dentro do prazo establecido pola Consellería.
- f) Atoparse ao corrente coas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.
- g) Non ter condena mediante sentenza firme á pena de perda da posibilidade de obter subvencións ou axudas públicas.
- h) Non incorrer en supostos de incompatibilidade (art. 13.2 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións).

7.- OBRIGAS DAS PERSOAS BENEFICIARIAS DE BOLSA COMEDOR

7.1.- Realizar as xestións oportunas coa entidade xestora do servizo de comedor para ter asignada, ao comezo do curso escolar, unha das prazas dispoñibles para a prestación deste servizo nun centro escolar do termo municipal e con asistencia continuada de luns a venres.

7.2.- Asistir ao comedor durante o período lectivo (setembro a xuño) desde a data da concesión da axuda e durante todo o período subvencionado. Os servizos municipais poderán realizar controis aleatorios para comprobar a efectiva asistencia dos menores ao comedor escolar.

7.3.- Comunicar e xustificar as faltas de asistencia ao comedor escolar a través da plataforma que facilite a entidade xestora, sendo a ANPA quen remita un informe mensual por rexistro de entrada co detalle de nome e días das faltas de asistencia e a xustificación dada, de ser o caso, así como das variacións de altas/baixas/incidencias que podan ter lugar respecto do mes anterior. Máis de quince ausencias sen xustificar conlevará a baixa das becas comedor. Así mesmo ao comezo do comedor remitirase pola ANPA e polos mesmos medios unha listaxe coa identificación dos alumnos e alumnas inscritos no servizo de comedor escolar.

7.4.- Cumprir coa normativa específica reguladora de cada comedor.

7.5.- Comunicar aos servizos municipais a obtención de calquera outra axuda para a mesma finalidade, xa proceda de calquera administración, entes públicos ou entidades privadas, que resulten incompatibles coa bolsa de comedor municipal.

7.6.- Someterse ás actuacións de comprobación que efectúe tanto o órgano outorgante como os de control financeiro, achegando a información ou documentación que se lle requira en relación co seguimento da axuda ou o exercicio das facultades de control.

7.7.- Comunicar aos servizos municipais durante o curso escolar aqueles cambios na súa situación económica ou sociofamiliar que poidan supoñer cambios na puntuación que orixinalmente deu lugar á concesión da axuda.

8.- LUGAR E PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

8.1.- A bolsa comedor solicitarase presentando a documentación a través do rexistro municipal, ben de forma presencial ou a través do rexistro electrónico na sede electrónica municipal (sede.sada.gal). De xeito alternativo, a solicitude poderá presentarse por calquera dos medios recollidos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. A solicitude deberá acompañarse de:

- O anexo de solicitude específica deseñada para a convocatoria 2025/2026 (ANEXO I), debidamente asinado pola persoa representante legal do menor que solicita a axuda.



- A documentación obrigatoria, que se sinala no apartado 10 desta convocatoria.
- A documentación complementaria, no caso de que sexa necesaria, segundo se recolle no apartado 11 desta convocatoria.

8.2.- O rexistro municipal facilitará copias desta solicitude e dos anexos, que tamén estarán dispoñibles para descarga na web municipal.

8.3.- O prazo para presentar as solicitudes será de 15 días hábiles a partir do día seguinte ao da publicación da convocatoria no BOP.

8.4.- Todas as listaxes desta convocatoria que sexan obxecto de publicación, identificarán ao solicitante desta axuda referenciando o DNI/NIE da nai, pai, titor/a.

9.- CRITERIOS PARA VALORAR AS SOLICITUDES

9.1.- Na valoración comparativa das solicitudes atenderase ao concepto de unidade familiar nuclear, entendendo pola mesma a composta, no momento da solicitude, polas seguintes persoas:

- A persoa solicitante.
- Os seus irmáns/irmás menores de 21 anos que convivan no mesmo domicilio.
- As persoas proxenitoras que teñan atribuída a garda e custodia ou as persoas que ostenten a súa tutela.

9.2.- A valoración das solicitudes virá determinada pola suma da puntuación obtida nos seguintes bloques:

- d) Situación económica da unidade familiar nuclear.
- e) Incompatibilidade horaria das persoas proxenitoras.
- f) Situación socio-familiar.

9.3.- Situación económica da unidade familiar nuclear:

9.3.1.- O cálculo da situación económica virá determinada pola renda per cápita do núcleo da unidade familiar (RPC), que se obterá como resultado de dividir a suma dos ingresos dos proxenitores que teñan atribuída a garda e custodia ou persoas que ostenten a súa tutela, entre o número de membros da dita unidade.

9.3.2.- Para o cálculo da renda per cápita da unidade familiar nuclear atenderase a:

- d) A declaración do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas do último exercicio.

Con carácter xeral: $\text{casiña } 435 + \text{casiña } 460 - \text{casiña } 595 = X$

Este resultado (X) dividirase entre o nº de membros da unidade familiar.

No caso de que a declaración fose presentada na modalidade conxunta para ambos os proxenitores, pero no caso que a configuración actual da unidade familiar no prazo de presentación das solicitudes, resulte computable unha única persoa proxenitora, computaranse as bases anteriores ao 50%.

- e) No caso de que as persoas non estean obrigadas a presentar a declaración do IRPF, será preciso o certificado de imputación de rendas do ano 2023.
- f) Unha vez fixada a renda per cápita da unidade familiar nuclear aplicaranse os seguintes baremos:

RENDA PER CÁPITA (RPC)	PUNTUACIÓN
------------------------	------------



Ata 6.000,00 €	10 puntos
De 6.000,01 € ata 7.000,00 €	8 puntos
De 7.000,01 € ata 8.000,00 €	6 puntos
Máis de 8.000,01 €	0 puntos

9.4.- Situación socio-familiar:

CONCEPTO	PUNTUACIÓN
Incompatibilidade horaria das persoas proxenitoras	2 puntos
Acreditación de familia monoparental	2 puntos
Acreditación de familias numerosas	2 puntos

A puntuación neste apartado é acumulable.

9.5.- A valoración das solicitudes presentadas realizarase sobre a base da documentación que as persoas solicitantes acheguen e da que se incorpore ao expediente como resultado da consulta automática de datos entre administracións.

O Concello resérvase a potestade de requirir calquera outra documentación para acreditar os feitos alegados e comprobar a puntuación obtida.

9.6.- As solicitudes serán ordenadas, establecendo unha orde de prelación de maior a menor puntuación.

9.7.- Poderán gozar da bolsa todas as solicitudes concedidas, segundo a orde de prelación resultante, ata esgotar os 41.800 € do crédito dispoñible.

9.8.- Nos casos de empate nas puntuacións obtidas, estableceranse como medidas de desempate os seguintes criterios:

4. Maior puntuación obtida no apartado de valoración situación económica da unidade familiar nuclear.
5. Puntuación obtida no apartado de valoración incompatibilidade horaria das persoas proxenitoras.
6. Maior puntuación obtida no apartado de valoración situación socio-familiar.

10.- DOCUMENTACIÓN OBRIGATORIA

Deberá de achegarse en todas as solicitudes a seguinte documentación:

10.1- Modelo de solicitude específica para a convocatoria 2025/2026 (ANEXO I) cuberto pola persoa solicitante (nai, pai, titor/a) da persoa beneficiaria (alumno/a).

Coa sinatura da solicitude a persoa solicitante acredita o cumprimento dos requisitos.

Ademais, as persoas solicitantes deberán aportar un certificado de matriculación nun centro educativo do termo municipal que conte con comedor escolar xestionado por ANPA e autorizado pola Consellería competente. No caso de que o proceso de matriculación non estivese finalizado aportarase o xustificante de solicitude de matrícula.



Coa sinatura da solicitude, autorízase ao Concello de Sada para consultar o cumprimento dos seguintes requisitos ou circunstancias:

- Estar ao corrente de pago coa Seguridade Social e a AEAT.

No caso de oposición a esta consulta, a persoa solicitante deberá achegar xunto coa solicitude **os documentos acreditativos os certificados correspondentes**.

Na mesma solicitude asinarase unha declaración responsable sobre o cumprimento das obrigas das persoas beneficiarias, recollidas no apartado 7 desta convocatoria.

10.2. Certificado de estar a corrente de obrigas tributarias coa Facenda galega (ATRIGA).

10.3. **Copia do** Libro de Familia completo ou documento equivalente expedido por un organismo oficial que acredite a filiación ou, no caso de existir outra relación coa persoa beneficiaria, a documentación xudicial ou administrativa que acredite este vínculo.

10.4.- Segundo estea atribuída ou exercida a custodia do/a menor solicitante da axuda deberá presentarse a seguinte documentación:

A) Custodia atribuída ou exercida por unha persoa proxenitora:

A.1) Existencia dunha única persoa proxenitora.

Neste caso presentarase **copia do** libro de familia completo acompañado, no seu caso, do certificado de defunción da outra persoa proxenitora.

A.2) Dúas persoas proxenitoras e unha delas ten atribuída en exclusiva a custodia da persoa solicitante.

Presentarase unha copia da sentenza ou convenio regulador aprobado xudicialmente que acredite esta circunstancia e na que se establezan as medidas paterno-filiais.

B) Custodia atribuída ou exercida por dúas persoas proxenitoras:

B.1) Dúas persoas proxenitoras que teñan atribuída a custodia compartida por sentenza xudicial. Neste caso presentarase copia da sentenza ou convenio regulador aprobado xudicialmente.

B.2) Dúas persoas proxenitoras que teñan atribuída a custodia sen sentenza xudicial. Neste caso sinalarase no anexo esta circunstancia.

11.- DOCUMENTACIÓN XUSTIFICATIVA DOUTRAS CIRCUNSTANCIAS PARA A VALORACIÓN DISTINTAS DA SITUACIÓN ECONÓMICA DA UNIDADE FAMILIAR NUCLEAR

11.1.- Incompatibilidade horaria.

Para acreditar a incompatibilidade horaria deberá presentarse a seguinte documentación polas persoas que teñan a custodia da/o menor solicitante:

- C. No caso de traballadores por conta allea, un certificado emitido pola entidade contratante, con data actualizada ao momento desta solicitude, no que consten os datos do traballador/a. Debe contar coa firma da persoa responsable e/ou selo da empresa.
- D. No caso de traballadoras/es por conta propia, deberá indicarse esta circunstancia no Anexo I, debendo achegar unha declaración responsable alegando esta incompatibilidade horaria e o informe de “situación



actual do traballador”, emitido pola Tesourería Xeral da Seguridade Social.

Nos casos en que exista un réxime de custodia compartida por sentenza xudicial ou convenio regulador aprobado xudicialmente, deberá acreditar a incompatibilidade a persoa proxenitora que figure como representante legal na solicitude.

Para as persoas que se queiran acoller ás circunstancias sinaladas no punto 10.3. A) 3 e 4, deberá acreditar a incompatibilidade horaria a persoa que figure como representante legal na solicitude.

11.2.- Situación socio-familiar.

- C. A situación de monoparentalidade acreditarase mediante a presentación do certificado de monoparentalidade expedido pola Xunta de Galicia a través da Consellería que se considere competente neste caso.
- D. A situación de familia numerosa acreditarase mediante a presentación da **copia** título/carné expedido pola Xunta de Galicia a través da Consellería que se considere competente neste caso.

12.- PROCEDEMENTO. INSTRUCCIÓN, VALORACIÓN DAS SOLICITUDES E PROPOSTA DE RESOLUCIÓN PROVISIONAL

12.1.- Unha vez finalizado o prazo de presentación de solicitudes, **ao área de Secretaría, como o** órgano instructor do procedemento, revisará a documentación presentada e verificará o cumprimento de todos os requisitos así como a presentación da documentación obrigatoria establecido no apartado 10 desta convocatoria.

12.2.- No caso de que se detecten defectos ou faltas na documentación presentada, requirirase ás persoas solicitantes para que nun prazo máximo de dez (10) días hábiles que se contarán desde o seguinte ao da publicación no **taboleiro de anuncios e edictos municipal** situado na sede electrónica do Concello, para que emenden as faltas detectadas.

No caso de non atender ao requirimento ou non facelo adecuadamente teráselle por desistido da súa petición.

12.3.- Para valorar as solicitudes presentadas nomearase unha “mesa de valoración” que aplicará o baremo establecido na presente convocatoria e realizará un informe co resultado da valoración efectuada que se elevará ao órgano instructor. **Esta mesa de valoración poderá estar integrada por persoal da área de Secretaría, Intervención, Educación ou Benestar Social.**

12.4.- O órgano instructor formulará a proposta de resolución provisional, que, debidamente motivada, publicarase no taboleiro de anuncios municipal situado na sede electrónica do Concello.

Esta proposta indicará a listaxe de persoas beneficiarias propostas con axuda concedida, como resultado de aplicar os criterios establecidos desta convocatoria, así como as solicitudes denegadas e as que non fosen obxecto de valoración por presentarse fóra de prazo ou por ter a persoa solicitante desistido da súa solicitude.

A publicación realizada nos lugares indicados no apartado 12.2 da convocatoria iniciará o cómputo dun prazo para que as persoas interesadas poidan presentar alegacións e que será de dez (10) días hábiles.

13.- PROCECEMENTO: ALEGACIÓN, PROPOSTA DE RESOLUCIÓN DEFINITIVA E RESOLUCIÓN DA CONVOCATORIA.



13.1.- Durante o prazo de alegacións que conforme á normativa aplicable se conceda non serán tidos en conta novos documentos que non foran aportados na fase anterior.

As alegacións poderán facer referencia á existencia de erros na puntuación obtida, á proposta de denegación da axuda ou a outras circunstancias, sen que poida corrixirse nesta fase do procedemento a documentación requirida anteriormente se non se atendeu ao requirimento no prazo establecido, nin achegar na fase de alegacións nova documentación que non obrase xa no expediente e que poida dar lugar a un cambio da puntuación inicial.

13.2.- Despois de examinar as alegacións presentadas, a mesa de valoración realizará un informe final que se elevará ao órgano instructor, que elaborará a proposta de resolución definitiva.

Publicada a proposta de resolución definitiva nos medios indicados no apartado 12.2, as persoas propostas como beneficiarias deberán aceptar ou renunciar á bolsa nun prazo de dez (10) días hábiles. Transcorrido este prazo sen producirse a comunicación da aceptación expresa por parte das persoas solicitantes, a subvención entenderase como aceptada.

13.3.- Transcorrido o prazo anterior, o órgano competente resolverá a convocatoria. Esta resolución indicará as solicitudes concedidas e denegadas, as aceptacións de renuncias e desistencias presentadas, as inadmisións a trámite ou outras circunstancias.

A resolución retrotraerá os seus efectos económicos á data do inicio da prestación do servizo de comedor escolar e será notificada colectivamente mediante publicación oficial nos lugares sinalados no apartado 12.2 desta convocatoria.

13.4.- A resolución que resolva a convocatoria porá fin á vía administrativa, podendo contra este acto interpoñer as persoas interesadas os seguintes recursos:

- Recurso de reposición ante o órgano que adopta a resolución, con carácter potestativo, no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa publicación. Non se poderá interpoñer recurso xudicial ata o momento en que se resolva expresamente ou ben se produza a desestimación presunta do recurso de reposición.
- Poderán interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo perante o xulgado do contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, que se contarán a partir do día seguinte ao da publicación (artigos 8 e 46 da Lei 29/98, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición contencioso-administrativa).

Todo isto sen prexuízo de que as persoas interesadas poidan interpoñer calquera outro que estimen pertinente.

14.- RENUNCIA, SUSPENSIÓN DO SERVIZO, BAIXA E OUTRAS CIRCUNSTANCIAS.

14.1.- As persoas beneficiarias poderán renunciar de forma expresa á bolsa concedida, debendo presentar a dita renuncia no rexistro municipal.

14.2.- Os servizos municipais proporán de oficio a baixa como beneficiario/a da bolsa comedor e a revogación da axuda concedida cando se detecte algunha das seguintes circunstancias:

- e) Ocultación de información relativa aos requisitos ou alteración das circunstancias determinantes para a



concesión da axuda.

- f) Comunicación ao Concello de Sada por parte da entidade xestora do comedor, **ANPA**, de que a persoa beneficiaria non realizou os trámites necesarios para incorporarse ao servizo no prazo habilitado (reserva de praza, matrícula...) ou de que a realizase incumprindo as condicións e requisitos desta convocatoria.
- g) Incumprimento do réxime interno do centro educativo para o servizo de comedor.
- d) Falta de asistencia sen xustificar ao comedor, continua ou intermitente, durante máis de quince días lectivos sen motivo xustificado, salvo as excepcións mencionadas no apartado 14.3. Con esta finalidade, os servizos municipais poderán realizar controis aleatorios ou por mostraxe para comprobar a efectiva asistencia dos menores ao comedor escolar, **ademais de comprobar a documentación sinalada no apartado 7.3.**
- h) Incumprimento das obrigas que conleva a condición de beneficiario, ou perda do cumprimento de requisitos obrigatorios previstos nesta convocatoria (**empadroamento noutro municipio**, cambio a centro escolar fóra do termo municipal, cambio a un centro sen servizo de comedor, entre outros). Procederase á baixa de oficio de calquera menor no que se detecte a baixa no Padrón municipal en calquera momento desde a solicitude e ata a finalización do curso escolar.

No caso de que concorran algunha das causas anteriores, o órgano competente acordará o inicio do procedemento para a revogación parcial ou total da axuda concedida, segundo proceda, outorgando ás persoas afectadas un prazo de dez (10) días hábiles para realizar alegacións. Para a apertura deste prazo, realizarase a notificación colectiva en taboleiro de anuncios e edictos municipal, conforme o previsto no apartado 12 desta convocatoria.

Finalizado o prazo de alegacións, o órgano instructor estudará as alegacións presentadas e formulará proposta de resolución definitiva ao órgano competente para resolver.

14.3.- O goce da bolsa de comedor escolar poderá suspenderse nos seguintes casos:

- d) No caso de que concorran na persoa beneficiaria motivos médicos ou terapéuticos que impidan acudir ao comedor escolar temporalmente.
- e) Cando as persoas beneficiarias de bolsa realizasen en prazo coa empresa xestora do comedor os trámites para a incorporación ao mesmo pero esta non resulte posible por non existir prazas suficientes para cubrir a demanda do servizo.
- f) Tamén poderá suspenderse a concesión da bolsa no caso de que se produza o peche dun comedor escolar pola realización de obras ou outras circunstancias excepcionais debidamente acreditadas.

Nos informes de seguimento mensual do programa, faranse constar as suspensións así como as circunstancias que motivaron esta suspensión para cada menor.

O goce e pago da bolsa comedor poderá reactivarse nos casos en que finalice a causa que motivou a suspensión.

15.- PAGO DA SUBVENCIÓN OUTORGADA AO PROVEDOR DO SERVIZO DE COMEDOR ESCOLAR

15.1.- O pago da subvención realizarase directamente á empresa que presta o servizo de comedor escolar, por expresa delegación do pago efectuada coa solicitude da axuda para o pago do comedor escolar.

O pago delegado en ningún caso supón a existencia dunha relación contractual nin cambio algún na identidade da persoa beneficiaria, obrigada ao cumprimento desta convocatoria.



15.2.- A empresa provedora do servizo de comedor deberá presentar mensualmente a través da sede electrónica municipal (sede.sada.gal) as facturas electrónicas emitidas pola prestación de servizos do comedor escolar, nas que figurará a listaxe de beneficiarias a quen se prestou o servizo, así como as incidencias detectadas na asistencia ao comedor, baixas no servizo e outros.

15.3.- No caso de que o punto anterior non sexa posible, deberán ser as persoas usuarias do servizo de comedor, de xeito individual, quen presenten no Rexistro Municipal as facturas descritas.

O pago da subvención realizarase a cada beneficiario e/ou beneficiaria unha vez presentadas por rexistro de entrada as facturas do comedor e unha declaración xurada sobre a asistencia continuada coa excepción da ausencia e xustificación no seu caso.

Co obxectivo de favorecer a conciliación e garantir unha maior axilidade no acceso ás axudas, propónse que o concello poida adiantar ata o 50% da contía da subvención no momento da resolución favorable da concesión. O importe restante aboaráse unha vez presentadas por rexistro de entrada as facturas do comedor e a correspondente declaración xurada sobre a asistencia continuada, coa excepción das ausencias xustificadas.

16.- PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

16.1. Os datos persoais recollidos na tramitación desta convocatoria de subvencións, cuxo tratamento e publicación autorizan as persoas interesadas mediante a presentación das solicitudes, serán incluídos nun ficheiro coa finalidade de xestionar o procedemento de concesión da bolsa comedor, así como para informar ás persoas interesadas sobre o seu desenvolvemento, sendo o responsable do mesmo o Concello de Sada, de conformidade coa Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos de carácter persoal e garantía dos dereitos dixitais.

16.2. Os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición aos datos persoais rexistrados neste ficheiro poderanse exercer ante o Concello de Sada, nos termos establecidos nos artigos 13 e 18 da dita Lei, a través da sede electrónica do Concello de Sada (<https://sede.sada.gal>), empregando o procedemento “Exercicio de dereitos sobre os datos de carácter persoal” que se atopa no apartado de “Outros Procedementos e Trámites”.

2. Que se incorporen os informes necesarios para volver a traer a pleno o expediente para a súa aprobación coa maior urxencia posible.

O sr. García López (UPSA) abandona a sesión cando son as 21.30 horas.

C. Rogos e preguntas.

O concelleiro non adscrito, sr. España López, formula as seguintes preguntas:

1ª) Pregunta se hai que volver licitar a obra da avenida do párroco Villanueva e da rúa de Compostela cunha nova empresa.

2ª) Pregunta, facendo referencia a unha parcela que foi adquirida recentemente no centro para estacionamento privado de pago e non polo concello, con que criterios, en que se basean cando din que toman decisións polo interese xeral.

3ª) Pregunta por algo que di que cre que é serio e que ten que transcender a nivel político e a nivel persoal:



«SR. ESPAÑA: Y para terminar, y no menos importante, me gustaría preguntarles algo que creo que es serio y tiene que trascender a nivel político y a nivel personal. Después de la última comisión informativa, a la cual hemos asistido, bueno, pues evidentemente los portavoces y yo mismo, la pregunta que les quiero hacer, directamente al señor Villar y al señor Portela, ¿tienen ustedes algún tipo de campaña de acoso y derribo sobre la secretaria municipal? Me gustaría que me respondieran a esa pregunta. Nada más, muchas gracias.

SR. VILLAR: Non, en absoluto, o que si teño son discrepancias e fágoas visibles e coñecidas precisamente diante dos outros compañeiros tamén, non son privadas (...), discrepancias pola miña parte, non teño ningunha dúbida en amosalas diante de quen sexa necesario.

SR. PORTELA: En absoluto, nego a maior totalmente.

SR. ESPAÑA: Gracias por contestar, pero discrepo».

O presidente, sr. Portela Fernández, contesta á 2ª pregunta, e o sr. Fariña Andrade, concelleiro delegado da área de Obras e Servizos e Medio Ambiente, á 1ª.

Polo grupo municipal mixto, o sr. Graña Mosquera (GM-BNG), fai os seguintes rogos:

1º) Roga, con respecto dos incendios e coa situación actual de catástrofe ambiental en Galicia, que se comece a traballar cos propietarios e propietarias dos predios que conforman a zona forestal de Sada, que se faga unha xestión integral do monte, que hai figuras como agrupacións forestais de xestión conxunta.

2º) Roga que en execución dun acordo adoptado polo Pleno para os efectos se considere a posibilidade de lle poñer o nome de Castelao á praza que os veciños están a coñecer como praza de Correos.

3º) Roga que se lle preste atención ao equipamento deportivo para adultos que hai en Mondego, porque di que presenta bastante mal estado de conservación.

Polo grupo municipal mixto, o sr. Graña Mosquera (GM-BNG), formula as seguintes preguntas:

1ª) Pregunta di que a de sempre, que como vai o tema da ampliación de Sada y sus Contornos.

2ª) Pregunta polo centro de formación ocupacional de Osedo, como xa fixera noutras sesións.

3ª) Pregunta con relación ao campo de fútbol de Carnoedo se se necesitan ampliar os vestiarios, xa que cre que agora hai tamén un equipo infantil e outro feminino, que se poñan a traballar niso.

Polo grupo municipal mixto, a sra. Pena Álvarez (GM-PSOE), fai os seguintes rogos:

4º) Roga que logo de se ter asfaltado a rúa de Betanzos que nivelen as tapas das redes subterráneas ao nivel do asfalto, pois están a funcionar coma fochancas.

2º) Roga que se limpen as beirarrúas e os contedores, sobre todo no verán.

Polo grupo municipal mixto, a sra. Pena Álvarez (GM-PSOE), formula as seguintes preguntas:

4ª) Pregunta cando se han reparar os valos dos parques infantís da praia, que di que están case todos rotos.

5ª) Pregunta sobre o baño que se había facer na casa (do pobo) de Meirás para as persoas con mobilidade reducida, para o que di que había remanente de crédito en xuño do 2024 pero que se foi pospoñendo, di que como todo o que fai este goberno, que sen falta o faría para setembro do 2025, polo que quere saber se se mantén esa data para facer este baño.

6ª) Pregunta por boca dunha veciña que estivo na Festa Holly do 17 de agosto que criterio teñen para o reparto das bolsas dos pos de cor, para que unhas persoas tivesen só unha bolsa e outras máis.

O sr. Villar López, concelleiro delegado da área de Cultura e Normalización Lingüística, dá unha explicación sobre o rogo 2º e contesta á pregunta 6ª.

O sr. Berrocal Fariña, concelleiro delegado dos servizos de Promoción Económica, Turismo e Participación Cidadá, contesta á pregunta 5ª.

A sra. Mouriño Neira, concelleira delegada da área de Deporte, Educación e Xuventude, contesta á pregunta 3ª.



O sr. Fariña Andrade, concelleiro delegado da área de Obras e Servizos e Medio Ambiente, dá contestación á pregunta 4ª, complementando a resposta o presidente, sr. Portela Fernández.

A sra. Arias Ferreiro (PP) fai uns comentarios previos reivindicando o recoñecemento primeiro á xente do pobo así como que tamén lle gustaría ver ao sr. Graña aquí queixándose da provisión de material perigoso como pasou en Sanjurjo Badía ou nas Brañas.

Polo grupo municipal do PP, a sra. Arias Ferreiro fai os seguintes rogos:

1º) Roga que se cumpran os acordos plenarios como o da reactivación de Protección Civil ou o do CIM, preguntándose que é que pasa para que non se cumpran os acordos cando ademais contan con cobertura orzamentaria.

2º) Roga que se teña en conta que os empregados municipais son quen moitas veces dan a cara e reciben as queixas de veciños e usuarios.

Polo grupo municipal do PP, a sra. Arias Ferreiro formula as seguintes preguntas:

1ª) Pregunta que é o que pasa cos contratos de limpeza dos locais municipais e máis de limpeza viaria, así como o da auga.

2ª) Pregúntalle ao sr. Berrocal se se sentou a falar cos empregados municipais e nomeadamente co vixilante que tiñamos do Feirón.

3ª) Pregunta por que non se fai a contratación dos módulos para poder ampliar o sinal da TDT, xa que o repetidor é de propiedade municipal.

Polo grupo municipal do PP, a sra. Val Armesto fai os seguintes rogos:

3º) Roga, con alusión ao sr. Graña, que se faga algo para limpar un coñecido balado que está ben preto do edificio da Casa do Concello (avenida do párroco Villanueva).

4º) Rógalles aos sres. Berrocal e Villar que se programen con tempo as actividades (comerciais, culturais).

Polo grupo municipal do PP, a sra. Val Armesto formula a seguinte pregunta:

4ª) Pregunta para que serven unhas fontes que non botan auga nun paseo e por que ás das parroquias nos se lles dota de letreiros informativos de auga potable ou de auga non potable.

Polo grupo municipal do PP, o sr. Lonja Tajés formula as seguintes preguntas:

5ª) Pregunta en que situación se atopan as obras da avenida do párroco Villanueva, da rúa de Sanjurjo Badía, se han comezar algún día coa avenida de Sada y sus Contornos, a capela de san Roque, a ampliación do colexio de Sada y sus Contornos.

6ª) Pregunta para cando é o simulacro relativo á obra de apertura do río Maior.

Polo grupo municipal do PP, o sr. Lonja Tajés fai os seguintes rogos:

5º) Roga que se atenda ao mantemento da limpeza, logo de todo un verán di sen poñer os bancos da rúa de Linares Rivas, dunha parada do autobús en Meirás de camiño á igrexa con silvas e toxos que mesmo dificultan subir ao autobús ou unha redonda de Castelo con lixo por todas partes.

O sr. Villar López, concelleiro delegado da área de Cultura e Normalización Lingüística, fai un comentario con respecto da falta de apoio do sr. Lonja ata a dúas iniciativas gobernamentais para mellorar a situación da capela de san Roque, malia que con todo as dúas prosperaron.

O sr. Lonja intervéñ por alusións, dicindo que se traen proxectos concretos os aprobarán, pero que se queren aproveitar para meter outras cousas non.



O sr. Fariña Andrade, concelleiro delegado da área de Obras e Servizos e Medio Ambiente, dá contestación á pregunta 4ª.

O presidente, sr. Portela Fernández, contesta ás preguntas 6ª e 3ª.

O sr. Berrocal Fariña, concelleiro delegado dos servizos de Promoción Económica, Turismo e Participación Cidadá, contesta á pregunta 2ª.

O presidente tamén fai un comentario con respecto do rogo 3º e contesta á pregunta 1ª.

O sr. Blanco González (UPSA) fai un comentario, e di que para el é lamentable que prefira facer un rogo antes que unha pregunta, porque tardan 15 minutos en contestar ás preguntas.

Polo grupo municipal UPSA, o sr. Blanco González fai o seguinte rogo:

1º) Roga ao presidente, indicando previamente que lle parece ben que chame á orde ao público, que tamén chame á orde ás persoas que non teñen a potestade neste pleno para dicir quen pode falar e quen non, con independencia dos partidos a que pertencen.

A continuación fai unha exposición con respecto do rogo xa antes efectuado polo sr. España relativo á parcela que vai ser un aparcadoiro de pago privado

2º) Roga, pide por favor, di que educadamente, que contesten cando se fai a pregunta.

Polo grupo municipal UPSA, a sra. Salorio Porral fai o seguinte rogo, dando traslado dos veciños da zona da praza da Barrosa e do final da avenida da Mariña:

3º) Roga que se efectúe a limpeza do noiro que está por debaixo da igrexa de Sada de Arriba, onde hai mesmo perigo de incendio.

4º) Roga que se lles teñan en conta no futuro á hora de poñer a iluminación das festas, pois non houbo nin unha bombilla para eles nin na praza da Barrosa nin nos edificios do Hotel en adiante.

A sra. Salorio fai un último rogo, que é reiterado:

5º) Roga, reiterándoo, que se limpen as beiravías e as beirarrúas en Meirás, e engaden agora tamén a zona da vía ártabra, ou ben que se reclame para os efectos a quen corresponda que o teña que facer.

Polo grupo municipal UPSA, a sra. Salorio Porral formula tamén a seguinte pregunta:

1ª) Pregunta para cando a licitación do servizo de axuda a domicilio, unha pregunta que di que leva facendo desde o 2 de abril do 2024 e que o único avance que tivo foi a emisión dun informe desfavorable da secretaria, polo que se está na mesma situación que hai 17 meses porque o que se fixo non serve.

Continúa a sra. Nogareda Marzoa polo grupo municipal UPSA, comezando polas preguntas efectuadas en sesións anteriores que non foron respondidas ou que polo menos non se achegou a información:

1.- Pregunta con relación aos 13 km de renovación de tubaxes que levan solicitando hai meses das diferentes redes, que están á espera da información.

2.- Di que seguen agardando tamén polo expediente das beirarrúas de Meirás que cre que se ían facer no 2018.

3.- Di que do PMUS non vai preguntar hoxe por vacacións do arquitecto municipal, pero si se xa teñen en mente que cambio han facer no POS con respecto das obras de remodelación nas dependencias da Policía Local que non se poden levar a cabo e o importe, e se se pagou, dun proxecto totalmente deficiente e con cuestións que non cumpren coa lexislación.

4.- Do tema de O Meu Lar e das garantías di que tamén solicitaron o acceso, que non saben se o han ter que facer por rexistro pero que este mes tampouco recibiron a información.



5.- Da limpeza viaria di que tamén preguntaron varias veces e por que había menos persoal do que correspondía por pregos e se nese caso é que había unha rebaixa na factura, pois se hai un prego que cumprir haberá que esixirlle á empresa que o faga.

6.- En relación a outras cuestións chámalle a atención que o alcalde se xacte de facer execucións subsidiarias pero que a da avenida do párroco Villanueva 25 que trouxeron a varios plenos non se fixese ata case o mes pasado.

7.- Di que tamén rogaran que se atendese a uns colectores que existen na Valexa con lixo arredor, que é certo que algo se limpara pero que vendo como están habería que premer o Consorcio para que os cambiase dadas as condicións nas que se atopan, segundo describe, así como outros contedores propios de negocios que rompe o camión e non son substituídos.

8.- Refírese tamén a un predio polo que preguntaran que fora vendido polo sr. Fariña e que continúa a estar sen conexión á rede de saneamento, que sería ben facelo rapidamente.

9.- Efectúa unha pregunta importante que di que xa saíra aquí pero que é se conta o concello cun plan de incendios, porque a Fiscalía está a investigar os concellos por se cumpren ou non coa normativa.

10.- Tamén retoma un rogo que se fixo no pleno anterior ao respecto das verteduras na praia de san Pedro, de Arnela e das Delicias, que semella di que nas declaracións do alcalde na radio nin lle preocupa advertir á poboación.

11.- Interésase tamén polo bombeo de Lácere que semella que continúa a estar sen funcionar.

Polo grupo municipal UPSA, a sra. Nogareda Marzoa fai o seguinte rogo (6º):

«SRA. NOGAREDA: En relación, o sr. España tamén comentou un aspecto que tamén queríamos comentar nós; el foi máis breve, eu quero retomar o contexto de todo isto porque isto xa vai como un tema de rogo. Vamos deixar claro que estamos facendo este rogo non para defender á secretaria, ten recursos suficientes para poder defenderse, non é que discrepemos co que dixo vostede antes, sr. Villar, é que realmente demostrou que o que vostede ten non son discrepancias, simplemente vai abusar dunha suposta autoridade que non ten.

O final da comisión informativa do xoves pasado tivemos unha reunión proposta polo alcalde e quedamos todos os voceiros que alí estabamos, naquel momento non estaba a sra. Taibo senón que estaba o sr. Villar, e todo empezou polo tema tamén das bases do comedor. Este concelleiro amosou unha agresividade verbal, poño entre comiñas ‘Me cago en Dios’ e xestual (peta no escritorio) e berrou, e berrou, coa súa convivencia, sr. Portela, porque aquí como acaba de dicir o meu compañeiro non ten problema en dicir ‘por favor, non poden falar, calen, respecten’; en ningún momento lle escoitamos a vostede dicir ‘ou calma a situación ou saia de aquí’, en ningún momento llo escoitamos a vostede.

É un rogo, como os rogos non os contesta vostede, pero o mellor este contéstame, estou esperando expectante o respecto. Neste caso non había discrepancias, o que había era unha mala xestión pola súa parte. Caeu ademais porque aquí hoxe a sra. Mourinho tamén falou do tempo que se tarda nos informes de secretaría, en traelos e levalos e demais, é moi gracioso porque ao saír desa reunión fun consultar unhas cuestións co arquitecto municipal e despois coincidiu que veu a sra. Arias, ela poderá corrixirme se non me equivoco, eu, pois, como iamos con outras historias, e preguntamos unha serie de cousas de como ían os temas, preguntámoslle cantos expedientes tiña delegados o arquitecto, e a resposta do arquitecto foi que tiña delegados cando marchou de vacacións, alá a última semana de xullo 150; cando volveu tiña 216.

Evidentemente somos conscientes de que a secretaria ten moitos máis porque abarca moitísimas máis áreas, e teñen unha media de dez días, non é unha media, é unha norma, é a lexislación, marca 10 días por informe. Multipliquen xa poñamos 216 por 10 días, 2.160 días, cantos anos leva isto? Curioso, pero estamos aí no atasco da secretaría. E chama máis a atención que vostede sr. Villar a unha pregunta da sra. Val Armesto xa hai uns plenos sobre esa programación das festas contestoulle vostede que ‘home, como han facer dúas á vez? Cando se está plantexando unha, vaise facer a outra?’ Fora así ou non fora así? Claro, porque do outro lado interprétase doutra maneira, non? Entón cando se fai unha como se vai facer a outra, cando os expedientes revisando despois son exactamente os mesmos, só cambia unha coma aquí e unha coma alí.

Vostede só pode levar as cousas dunha en unha, os demais teñen que levar as cousas de 216 en 216, unido ao que acaba de dicir a miña compañeira, aquí hai un informe desfavorable dun SAF que non chegara a contratación, que era quen primeiro tiña que ter toda esta información, e ‘bueno’, tamén aspiramos agora a saber canto custou este informe, porque tamén se alega nese informe desfavorable que non procede o enriquecemento inxusto, porque entregaron unha documentación deficiente desde esa empresa.



Edificio municipal de uso administrativo
Avda. da Mariña, 25 (Sada)
15160 Sada (A Coruña)
Tfno.: 981 62 00 75
Fax: 981 62 12 74
<https://sede.sada.gal>

CONCELLO DE SADA

exp. 2025/G010/000012

Ademais, moitas veces, saltanse os pasos, como se comprobou aquí, o que se trata é de que se fagan informes pagados cando non hai recursos municipais para facelos. Xa miro directamente para vostede, concelleira de Servizos Sociais. No se lle pediu á área de contratación nin de secretaría un informe que é prescriptivo de insuficiencia de medios, encargouse o que lle pareceu, cando llo pareceu, para pagar a quen lle pareceu por mandar unha documentación nefasta e deficiente. Iso é o que provoca os atascos. Unido a todo iso mandamos a información, faise informe desfavorable, advírtese da situación e resulta que volve o punto de partida e cando se volve enviar as mesmas deficiencias.

Claro, súmenlle os 2.160 días, todo novo informe, porque xa é gracioso por non chorar: informe xurídico 1, informe xurídico 2, informe xurídico 3, informe xurídico 4, cando debería existir un informe xurídico. Esa é a hora do habilitado nacional que outras veces escoitei falar neste pleno. Dito o cal, volvemos insistir, a secretaría non necesita defensa, o que nos preocupa é que á vista de todos, cando nos faltou ao respecto a todos, empezou xa polo sr. España, 'conjunto vacío', lembra? Vostede as súas discrepancias as trata de forma non argumental, e pensa que por berrar máis pode sacar o que lle pareza porque é concelleiro, pois non, vai ser que non.

Todas esas discrepancias que di non son tratadas nunca previamente, pero que a vostede correspóndelle saber o que ten que facer as persoas que ten ao seu cargo, iso é o que lle corresponde a vostede, e despois pedir desculpas, que non as vai pedir; de feito, unha persoa que actúa así en público non queremos imaxinar o que faga en privado, e non queremos imaxinar o que faga con outra persoa que non teña os recursos da secretaría, non o queremos pensar, por iso nós reclamamos hoxe aquí esta situación que non se pode permitir nin consentir, e vostede debería dimitir porque alguén que está de concelleiro non pode ter esta actitude nin estas irresponsabilidades nin estes abusos de autoridade. Para que lle quede claro; unha vergonza!, exactamente.

E despois faltándonos ao respecto a todos os alí presentes, a todos os alí presentes. Dito o cal, xa sabemos o que vai pasar, porque claro, onde vamos despois, pero ao mellor o sr. Portela debería tomar medidas, e aquí retomo un rogo que lle fixemos a vostede mesmo creo recordar no pleno de outubro, sobre outro tema, pero a verdade é que está de bastante actualidade, consinte que se lancen berros e descalificacións cara a compañeiros, ou entre eles, todo vale con tal de amosar a quen no satisfai as súas pretensións, sexa dunha forma ou doutra, sexa informando conforme á legalidade, sexa non rindo as gracias, sexa non murmurando, sexa non difamando ou calquera outra versión de non satisfacerlle, tendo en conta que existe unha normativa contra o acoso laboral, contra a desigualdade de xénero, que protexe a seguridade e a saúde no traballo, rogábamolles como xefe de persoal que tome as medidas oportunas para impedir que se sigan producindo as condutas descritas e se garanta a seguridade e saúde dos traballadores, a súa dignidade e profesionalidade, un ambiente axeitado para o desempeño das súas funcións, ao tempo que se esixa o cumprimento das funcións polas cales se retribúe ao persoal municipal, e non as particulares.

E aquí poñemos isto de manifesto porque a secretaría do concello está ao servizo de Sada, non ao servizo particular de quen quere que lle dea clases particulares, isto non é para funcionar así, porque entón contraten co seu soldo unha persoa que lles aplauda, que lles ría as gracias e que lles diga que guapo es e que tipo tes, sabe? Pero non está para iso a secretaría municipal. Entón, non manifestou discrepancias, tivo unha actitude violenta e agresiva e por iso se tivese o que hai que ter que polo menos un mínimo de dignidade marcharía por esa porta, e o mesmo lle digo a vostede, sr. Portela, xa cesou a outros concelleiros, este ao mellor era un caso bastante máis grave e con motivos moitísimo máis flagrantes».

O presidente, sr. Portela Fernández, di que han proceder a contestar ás preguntas e os rogos non os van a contestar, así como que os antidemocráticos que dicía o sr. Blanco acaban de permitir unha quenda de rogos e preguntas a Unidos por Sada tempo de intervención moi superior aos 24 minutos que é o que lles corresponde polo ROM.

Intervén por alusións o sr. Blanco González (UPSA), para desmentir que lles tivese chamado antidemocráticos.

O sr. Portela Fernández (SM) dá contestación a algunhas preguntas do grupo municipal UPSA.

E non sendo máis os asuntos para tratar, levántase a sesión cando son as 22 horas e 45 minutos do día xoves 28 de agosto do 2025, do que como secretaría dou fe e certifico, asinando dixitalmente esta acta electrónica, co visado do alcalde Óscar Benito Portela Fernández, que leva unido o arquivo audiovisual asinado electronicamente e no que se atopa recollido o contido íntegro das intervencións, que se incorpora ao expediente e ao que se pode acceder pola seguinte ligazón:

https://sede.sada.gal/gl/portal_transparencia/Relevancia_Juridica/Normativa/Normativa.html.